



## **Expediente Orzamento Deputación Provincial de Lugo 2013:**

1-Orzamento Deputación Provincial de Lugo 2013.

2-Documentos do trámite administrativo de aprobación do Orzamento: Aprobación inicial, reclamacións, aprobación definitiva.



DEPUTACIÓN DE LUGO

# ORZAMENTOS 2013





# Índice

## Orzamentos 2013

1. Proposta.	5
2. Memoria.	13
3. Límite de gasto non financiero e regra de gasto.	19
4. Estado de Ingresos.	23
5. Estado de Gastos.	29
6. Bases de Execución do Orzamento.	101
7. Relación de subvencións nominativas.	169
8. Marco orzamentario a medio prazo 2013-2015.	173
9. Liquidacións Orzamentos.	183
10. Anexo Persoal.	191
11. Anexo de Investimentos.	203
12. Plan Financeiro.	207
13. Sociedade Urbanística Provincial. Estados de previsións e programa anual de actuacións.	211
14. Estado de consolidación.	229
15. Estado de previsión de movementos e situación da débeda.	233
16. Fundación para o desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), plan de actuación.	237
17. Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento	269
18. Informe Económico-Financeiro e da Interventora.	281
19. Informe avaliación estabilidade orzamentaria.	289







DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2013

# 1. Proposta





## PROPOSTA DO PRESIDENTE

### APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2013

1) O proxecto de Orzamento Xeral para 2013 ascende a 89.462.179,13 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira. Aplica a regra de gasto e determina o límite de gasto non financeiro.

Inclúe, en aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, a simplificación da estrutura administrativa coa disolución do INLUDES prevista para o 31 de decembro de 2012, asumindo directamente os gastos actuais do mesmo pola Deputación.

Queda integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Entidade, ascende a 86.686.841,72 €.
- O de SUPLUSA, ascende a 5.985.337,41 €.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>I N G R E S O S</b>				
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>86.386.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.162.179,13 €</b>
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4.996.547,69 €			4.996.547,69 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.970.767,20 €			3.970.767,20 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.584.063,71 €			6.584.063,71 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.317.780,27 €	3.210.000,00 €	3.210.000,00 €	63.317.780,27 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	880.000,00 €	90.819,06 €		970.819,06 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	20.000,00 €	1.934.518,35 €		1.954.518,35 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.617.682,85 €	750.000,00 €		7.367.682,85 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>300.000,00 €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>300.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €	- €		- €
<b>TOTAL</b>	<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>

<b>G A S T O S</b>					
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>		<b>79.517.861,82 €</b>	<b>2.791.340,50 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>79.099.202,32 €</b>
1.	GASTOS DE PERSOAL	24.127.038,15 €	890.000,00 €		25.017.038,15 €
2.	GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	13.939.887,90 €	1.461.436,64 €		15.401.324,54 €
3.	GASTOS FINANCEIROS	620.208,32 €	389.903,86 €		1.010.112,18 €
4.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.707.517,14 €		3.210.000,00 €	12.497.517,14 €
6.	INVESTIMENTOS REAIS	19.404.741,99 €	50.000,00 €		19.454.741,99 €
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.718.468,32 €			5.718.468,32 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>		<b>7.168.979,90 €</b>	<b>3.193.996,91 €</b>	<b>- €</b>	<b>10.362.976,81 €</b>
8.	ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9.	PASIVOS FINANCEIROS	6.868.979,90 €	3.193.996,91 €		10.062.976,81 €
<b>TOTAL</b>		<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>

O Orzamento Xeral ou consolidado en 2012, estaba cifrado en 93.901.797,34 €, o presente diminúe en 4.439.618,21 €, equivalente ao 4,73%.

Ao Orzamento Xeral únense como anexos:

- Marco Orzamentario a medio prazo (2013-2015).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA.
- O Estado de consolidación dos Orzamentos que integran o Xeral.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria se achegan os Plans de Actuación da Fundación TIC e o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

2) O Orzamento da propia Entidade en 2012 estaba cifrado en 90.486.048,93 €, o presente baixa en 3.799.207,21 €, o equivalente ao 4,20%, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

<b>INGRESOS</b>	
<u>Op. non financeiras (1-7)</u>	<u>86.386.841,72 €</u>
Oper. Corr. (1-5)	79.749.158,87 €

Oper. Cap. (6 -7)	6.637.682,85 €
<b><i>Op. financeiras (8-9)</i></b>	<b>300.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>86.686.841,72 €</b>

### GASTOS

<b><i>Op. non financeiras (1-7)</i></b>	<b>79.517.861,82 €</b>
Oper. Corr. (1-4)	54.394.651,51 €
Oper. Cap. (6 -7)	25.123.210,31 €
<b><i>Op. financeiras (8-9)</i></b>	<b>7.168.979,90 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	6.868.979,72 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>86.686.841,72 €</b>

O límite de gasto non financeiro ascende a 79.517.861,82 €; obtense pola aplicación da regra de gasto e cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 25.123.210,31 € , diminúe en 3.917.187,80 € respecto ó 2012, equivalente ao 28,98% do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	6.617.682,85 €
-Alleamento de investimentos reais	20.000,00 €
-Recursos ordinarios:	18.485.527,46 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

O Capítulo 6º será obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por xeración de créditos con ingresos afectados en concepto de transferencias de capital.

#### Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Límite de gasto non financeiro e regra de gasto.
- Liquidación do Orzamento de 2011, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario, tanto da propia entidade como do INLUDES.
- Liquidación do Orzamento de 2012 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar, tanto da propia entidade como do INLUDES.

- Estimación da Liquidación do orzamento de 2012 referida ao 31 de decembro, tanto da propia entidade como do INLUDES.
- Anexo de persoal.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Informe económico-financieiro e da Interventora.
- Informe avaliación estabilidade orzamentaria.

3) Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación a SUPLUSA e demais entes dependentes en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

**Por todo o exposto, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:**

1º. Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2013 que ascende a 89.462.179,13 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, integrado polo da propia Entidade que ascende a 86.686.841,72 €, e o Orzamento da empresa SUPLUSA, que ascende a 5.985.337,41 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º. Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º. Aprobar o Marco Orzamentario para 2013-2015.

5º. Aprobar o límite de gasto non financeiro no orzamento da propia Entidade para 2013 ascendente a 79.517.861,82 €.

6º. Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2013.

7º. Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de

exposición ao público no B.O.P., todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Lugo, a 19 de novembro de 2012,  
O PRESIDENTE,

Asdo.: José Ramón Gómez Besteiro







DEPUTACIÓN DE LUGO  
ORZAMENTOS 2013

## 2. Memoria





## MEMORIA

### ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2013

O Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2013 ascende a 89.462.179,13 €.

Diminúe respecto ó orzamento de 2012 en 4.439.618,21 € (4,73%). Cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Aplica a regra de gasto e determina o límite de gasto non financeiro.

Aplicamos o principio de racionalización de administración e dos recursos públicos, co cumprimento dun dos compromisos de goberno para o ano 2013: a simplificación da estrutura administrativa coa disolución do INLUDES, prevista para o 31 de decembro de 2012, asumindo directamente pola Deputación os gastos e ingresos actuais do mesmo e reforzando aínda máis os servizos de cooperación cos Concellos. Esta racionalización da administración súmase a outras anteriores, como foron a disolución da Fundación TOR ou a transferencia dos hospitais San Xosé e San Rafael á Xunta de Galicia.

O Orzamento Xeral ou consolidado abarca o da propia Deputación que ascende a 86.868.841,72 €, e o de Suplusa que ascende a 5.985.337,41 €.

A creación de emprego e actividade económica que contribúan ó desenvolvemento da provincia de Lugo e fixen poboación no rural son os obxectivos deste Orzamento. Materialízanse fundamentalmente a través de dúas vías: a xestión dos programas europeos acadados para tal fin pola Deputación -a quinta entidade local que máis fondos conseguiu en España-, e a intensificación da cooperación cos Concellos.

Continuando coa execución dos proxectos co-financiados pola Unión Europea, as liñas estratéxicas son: a implementación das novas tecnoloxías como catalizador do desenvolvemento, os proxectos de economía medioambiental, e a formación para a inserción laboral nas profesións con máis futuro.

A anualidade 2013 é a seguinte:

- InnovaTE2:

Fondos FEDER	3.760.400,00
Deputación	1.611.600,00
<b>Total</b>	<b>5.372.000,00</b>

- LugO2:

Fondos FEDER	1.628.900,00
Deputación	698.100,00
<b>Total</b>	<b>2.327.000,00</b>

- Pacto Provincial polo Emprego II:

Fondo Social	640.000,00
Deputación	160.000,00
<b>Total</b>	<b>800.000,00</b>

Grazas a estes proxectos que a Deputación de Lugo foi capaz de conseguir, podemos manter nestes tempos un nivel máis que aceptable de xestión de empregos públicos.

Con respecto ó Orzamento da propia Deputación de Lugo para 2013, ascende a 86.686.841,72 €, diminúe nun 4,20 % respecto ó do ano anterior, é dicir, 3.799.207,21€.

A redución responde a dous motivos:

-É consecuencia da programación establecida anualmente para a co-financiación dos fondos europeos xa citados.

-O Estado privou á provincia de 2.741.513,24 euros do Plan de Obras e Servizos para 2013, que xa fora prevista no orzamento de 2012, o que redunda notablemente na diminución.

En ingresos, a participación nos tributos do Estado aumenta un 21,55 %, se ben hai que descontar a cantidade a devolver da liquidación definitiva do ano 2009 xunto coa liquidación do 2008, en 108 mensualidades, a partir de xaneiro de 2013, a razón de: 204.422,07 €/mes.

En canto á débeda financeira, non se prevé nova operación, xa que logo de aplicar a regra de gasto e determinar o límite do gasto non financeiro, prodúcese un excedente de ingresos que nos permite mesmo volver amortizar anticipadamente. A grande diferenza

con respecto a outros exercicios, é que a Deputación non só amortiza anticipadamente cantidades ó longo do ano, senón que contempla xa de entrada a dita operación no Orzamento 2013: un total de 2.008.013,05 €.

A finais do ano 2013 a porcentaxe de débeda financeira é de 57,69%, moi inferior ao límite do 75% establecido legalmente, polo que está máis que garantida a sustentabilidade económica da Deputación.

En gastos as variacións máis significativas son:

As dos proxectos co-financiados polos fondos europeos, sendo a anualidade 2013 de 8.499.000,00 €.

O fomento do emprego, unha das máximas das políticas provinciais para o vindeiro ano, supera os 4 millóns de euros, aumentando en máis de 2,5 millóns de euros respecto de 2012, e inclúe un aumento de 350.000,00 € do proxecto Urban -executado en conxunto co Concello de Lugo para procurar o desenvolvemento do centro histórico-.

Unha vez posto en marcha e consolidado no seu funcionamento, o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento ten unha achega da Deputación de 2.307.809,20 €, diminuíndo 64.376,97 € respecto da previsión do ano 2012.

Mantense a achega á Fundación TIC (1.565.455,00 €), que sostén a única Escola de Imaxe e Son de FP da provincia, e aumenta en 35.000,00 € a achega a SUPLUSA (3.210.000,00 €).

O investimento en vías públicas redúcese en 100.000,00 € respecto do ano anterior. Nas estradas provinciais, mantéñense as cantidades de 2012 nas expropiacións e nas partidas de conservación, ata acadar 8,4 millóns de euros. A achega aprobada no Plan de Obras e Servizos 2011 da Deputación e dos Concellos mantense para 2013, non así a do Estado que pasa a "0" euros.

A Área de Benestar Social, Igualdade e Mocidade aumenta en 300.000,00 €; en Turismo 352.000,00 €; en Deportes e Cultura diminúen 832.000,00 € e 210.000,00 € respectivamente. A rede de Museos Provinciais aumenta 74.637,00 €.

Os gastos de Administración Xeral inclúen os do INLUDES, cuxo persoal reforzará notablemente o servizos de cooperación cos Concellos, unha área con apenas catro anos de

existencia que reduce gastos e ofrece servizos que as entidades locais non poderían afrontar en solitario.

O importe destinado a Comunidades Veciñais mantense en 2.000.000,00 €, e as transferencias en materia de agricultura, gandería e pesca do INLUDES, mantéñense en 500.000,00 €.

No capítulo de gastos de persoal a variación é unha baixa de 107.208,74 €, debida á diminución en órganos de goberno do INLUDES e á falta das achegas ós Plans de Pensións do persoal.

E, por último, o Orzamento de Suplusa, que ascende a 5.985.337,41 €, sendo a achegas da Deputación de 3.210.000,00 €, diminúe en 199.411,00 € (3,22% menos) respecto ó ano anterior. O dito orzamento permite executar, máis os remanentes de exercicios anteriores que se incorporan ó presente e superan os 15 millóns de euros, a rede de residencias da terceira idade con centros de día nunha provincia que ten o maior índice de envellecemento de toda Europa e un dos maiores do mundo; así como seguir cos outros fins propios da Sociedade, tal como: a creación e desenvolvemento das áreas industriais a prezos asequibles, as encomendas da Deputación para o mantemento das áreas verdes e da Escola de Piragüismo, e o equipamento do edificio da sede da Sociedade, o taller de pedra “Manuel Mallo”, o proxecto do centro educativo FP3 e Tecnoloxía da Pedra, o proxecto Comparte para novos emprendedores, e o proxecto de reparación do paseo do Río Rato e Fervedeira.

En Lugo, a 19 de novembro de 2012,  
O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2013

### 3. Límite de gasto non financeiro e regra de gasto







## Límite de Gasto non Financeiro:

Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria a Sostibilidade Financeira, a variación do gasto computable nas Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do P.I.B. de medio prazo da economía española.

O Goberno aprobou como taxa de referencia a seguinte:

2013	2014	2015
1,7%	1,7%	2,0%

Entendense como gasto computable os empregos non financeiros, excluídos os intereses da débeda, e a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea e doutras Administracións Públicas.

### REGRA DE GASTO

Taxa de Referencia: 1,70%

#### Orzamento de Gastos 2012 Deputación Provincial de Lugo

Op. non financeiras (1-7)		85.558.176,83 €	
1.	GASTOS DE PERSOAL	20.132.558,66 €	20.132.558,66 €
2.	GASTOS CORR. EN BENS E S	13.372.626,76 €	13.372.626,76 € -1.518.900,88 € Pacto polo emprego
3.	GASTOS FINANCIEROS	1.184.776,46 €	122.750,00 €
4.	TRANSFERENCIAS CORRENT	21.827.816,84 €	21.827.816,84 €
6.	INVESTIMENTOS REAIS	24.079.569,56 €	24.079.569,56 € -12.763.296,09 € POS, InnovaTE e LugO2
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPIT	4.960.828,55 €	4.960.828,55 €
Op. financeiras (8-9)		4.927.872,10 €	
8.	ACTIVOS FINANCIEROS	310.000,00 €	84.496.150,37 € -14.282.196,97 €
9.	PASIVOS FINANCIEROS	4.617.872,10 €	70.213.953,40 €
TOTAL		90.486.048,93 €	1.193.637,21 € 1,70% SUMA con incremento para 2013

	Taxa de referencia	Límite Gasto
2013	1,70%	71.407.590,61 €
2014	1,70%	72.621.519,65 €
2015	2,00%	74.073.950,04 €

Taxa de Referencia: 1,70%

#### Orzamento de Gastos 2012 Inludes

Op. non financeiras (1-7)		8.078.622,60 €	
1.	GASTOS DE PERSOAL	4.101.688,23 €	4.101.688,23 € -7.722.622,60 € Aportación Deputación
2.	GASTOS CORR. EN BENS E S	2.014.181,25 €	2.014.181,25 €
3.	GASTOS FINANCIEROS	- €	0,00 €
4.	TRANSFERENCIAS CORRENT	292.853,12 €	292.853,12 €
6.	INVESTIMENTOS REAIS	1.169.900,00 €	1.169.900,00 €
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPIT	500.000,00 €	500.000,00 €
Op. financeiras (8-9)		50.000,00 €	
8.	ACTIVOS FINANCIEROS	50.000,00 €	8.078.622,60 € -7.722.622,60 €
9.	PASIVOS FINANCIEROS	- €	356.000,00 €
TOTAL		8.128.622,60 €	6.052,00 € 1,70% SUMA con incremento para 2013

	Taxa de referencia	Límite Gasto
2013	1,70%	362.052,00 €
2014	1,70%	368.206,88 €
2015	2,00%	375.571,02 €

### Consolidado Deputación e Inludes

	Taxa de referencia	Límite Gasto
2013	1,70%	71.769.642,61 €
2014	1,70%	72.989.726,53 €
2015	2,00%	74.449.521,06 €

### LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO

Segundo o artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria a Sostibilidade Financeira, a Deputación aprobará o límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos Orzamentos.

Cálculo do límite de gasto non financeiro:

<b>71.769.642,61 €</b>	Límite de gasto partindo da Regra de Gasto
490.536,36 €	+ Xuros débeda
640.000,00 €	+ Financiamento doutras administracións: Pacto polo Emprego
3.760.400,00 €	+ Financiamento doutras administracións: Innovate2
1.628.900,00 €	+ Financiamento doutras administracións: LugO2 Provincial
1.228.382,85 €	+ Financiamento doutras administracións: Aportación Concellos ao POS
<b>79.517.861,82 €</b>	<b>Límite de gasto non financeiro</b>





DEPUTACIÓN DE LUGO  
ORZAMENTOS 2013

# 4. Estado de In- gresos







## Orzamento de Ingresos

### RESUMO POR CAPÍTULO

CAPÍTULOS			
<b>Operacións non financeiras (1-7)</b>			<b>86.386.841,72 €</b>
1.	IMPOSTOS DIRECTOS	4.996.547,69 €	Oper. Correntes (1-5)
2.	IMPOSTOS INDIRECTOS	3.970.767,20 €	
3.	TAXAS, PREZOS PÚBL. E OUTROS INGR.	6.584.063,71 €	79.749.158,87 €
4.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.317.780,27 €	
5.	INGRESOS PATRIMONIAIS	880.000,00 €	Oper. De Capital (6-7)
6.	ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	20.000,00 €	
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.617.682,85 €	
<b>Operacións financeiras (8-9)</b>			<b>300.000,00 €</b>
8.	ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €	
9.	PASIVOS FINANCIEROS	- €	
<b>TOTAL</b>		<b>86.686.841,72 €</b>	



## Estado de Ingresos

## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
<b>1</b>				<b>IMPOSTOS DIRECTOS</b>				
					<b>4.996.547,69 €</b>			
	<b>10</b>			<i>Imposto sobre a Renda</i>			<b>2.295.547,69 €</b>	
		100		Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas			2.295.547,69 €	
			100.00	IRPF				2.295.547,69 €
	<b>17</b>			<i>Recargos sobre impostos directos de outros entes locais</i>			<b>2.701.000,00 €</b>	
		171		Recargo provincial no Imposto sobre Actividades Económicas			2.701.000,00 €	
			171.00	Recargo provincial no IAE, xestión municipal				1.100.000,00 €
			171.01	Recargo provincial no IAE, xestión provincial				1.122.000,00 €
			171.02	IAE, cuotas nacionais e provinciais				479.000,00 €
<b>2</b>				<b>IMPOSTOS INDIRECTOS</b>				
					<b>3.970.767,20 €</b>			
	<b>21</b>			<i>Impostos sobre o Valor Engadido</i>			<b>2.801.407,20 €</b>	
		210		Imposto sobre o Valor Engadido			2.801.407,20 €	
			210.00	IVE				2.801.407,20 €
	<b>22</b>			<i>Sobre consumos específicos</i>			<b>1.169.360,00 €</b>	
		220		Impostos Especiais			1.169.360,00 €	
			220.00	Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas				41.430,00 €
			220.01	Impostos sobre a cervexa				13.720,00 €
			220.03	Imposto sobre as labores do tabaco				406.980,00 €
			220.04	Impostos sobre hidrocarburos				706.180,00 €
			220.06	Impostos sobre produtos intermedios				1.050,00 €
<b>3</b>				<b>TAXAS, PREZOS PUB. E OUTROS INGR.</b>				
					<b>6.584.063,71 €</b>			
	<b>31</b>			<i>Taxas pola prestación de servizos públicos de carácter social e prefere</i>			<b>3.756.993,71 €</b>	
		311		Servizos asistenciais			3.756.993,71 €	
			311.00	Por prest. de servizos no Centro Residencial e Rehabilitador "San Rafael"				3.756.993,71 €
	<b>32</b>			<i>Taxas pola realización de actividades de competencia local</i>			<b>797.500,00 €</b>	
		321		Licenzas urbanísticas			60.000,00 €	
			321.00	Licenzas urbanísticas				60.000,00 €
		329		Outras taxas pola realización de actividades de competencia local			737.500,00 €	
			329.00	Por suscripcións, insercións e venta exemplares BOP				136.500,00 €
			329.01	Por dirección de obras				600.000,00 €
			329.02	Por participación en procesos selectivos				1.000,00 €
	<b>33</b>			<i>Taxas pola util. privativa ou o aprov. esp. do dominio públ. local</i>			<b>63.000,00 €</b>	
		338		Compensación de Telefónica de España, S.A.			47.000,00 €	
			338.00	Compensación de Telefónica de España, S.A.				47.000,00 €
		339		Outras Taxas pola utilización privativa do dominio público			16.000,00 €	
			339.00	Outras Taxas pola utilización privativa do dominio público				16.000,00 €
	<b>34</b>			<i>Prezos públicos</i>			<b>1.720.120,00 €</b>	
		343		Servizos deportivos			3.000,00 €	
			343.00	Por actividades Servizo de Deportes				3.000,00 €
		349		Outros prezos públicos			1.717.120,00 €	
			349.00	Por traballos do Servizo de Publicacións				10.000,00 €
			349.01	Por Rutas Turísticas Fluviais				170.000,00 €
			349.02	Por actividades Rede Museística				10,00 €
			349.03	Por prest.serv. de xestión e recad.Tributos Municipais				1.500.000,00 €
			349.04	Por venda do Mapa Provincial				100,00 €
			349.06	Por Km0				37.000,00 €
			349.10	Outros prezos públicos				10,00 €
	<b>36</b>			<i>Vendas</i>			<b>125.000,00 €</b>	
		361		De produtos da granxa			125.000,00 €	
			361.00	De produtos da granxa				125.000,00 €
	<b>38</b>			<i>Reintegros de operacións correntes</i>			<b>10.000,00 €</b>	
		389		Outros reintegros de operacións correntes			10.000,00 €	
			389.00	Outros reintegros de operacións correntes				10.000,00 €
	<b>39</b>			<i>Outros ingresos</i>			<b>111.450,00 €</b>	
		391		Multas			1.200,00 €	
			391.10	Multas por infraccións tributarias e análogas				1.200,00 €
		392		Recargas do periodo exec. e por declaración extemporánea sin requerimento previo			2.000,00 €	
			392.11	Recarga de constrinximento				2.000,00 €
		393		Xuros de demora			1.000,00 €	
			393.00	Xuros de demora				1.000,00 €
		399		Outros ingresos diversos			107.250,00 €	
			399.01	Outros ingresos diversos				106.250,00 €
			399.02	Reintegros anuncios BOE e outros				1.000,00 €
<b>4</b>				<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>				
					<b>63.317.780,27 €</b>			
	<b>42</b>			<i>Da Administración do Estado</i>			<b>62.677.740,27 €</b>	
		420		Da Administración Xeral do Estado			62.377.730,27 €	
			420.10	Fondo Complementario de Financiamento				62.312.720,27 €
			420.20	Compensación por beneficios fiscais				65.000,00 €
			420.90	Outras transferencias correntes da Administración Xeral do Estado				10,00 €
		423		De soc. mercantis estatais, ent. públicas empr. e outros org. públicos			300.010,00 €	
			423.00	De Loterías e Apostas do Estado				300.000,00 €
			423.90	De outras soc. mercantis estatais, ent. públicas empr. e outros org. públicos				10,00 €
	<b>45</b>			<i>De Comunidades Autónomas</i>			<b>10,00 €</b>	
		450		Da Administración Xeral das Comunidades Autónomas			10,00 €	
			450.80	Outras subv. correntes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma				10,00 €
	<b>46</b>			<i>De Entidades Locais</i>			<b>10,00 €</b>	
		462		De Concellos			10,00 €	
			462.00	De Concellos				10,00 €
	<b>47</b>			<i>De empresas privadas</i>			<b>10,00 €</b>	
		470		Aportacións e subvencións de empresas privadas			10,00 €	

## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
			470.00	Aportacións e subvencións de empresas privadas				10,00 €
48				<i>De familias e institucións sen fins de lucro</i>		10,00 €		
	480			Outras transferencias de familias e institucións sen fins de lucro			10,00 €	
		480.00		Outras transferencias de familias e institucións sen fins de lucro				10,00 €
49				<i>Do exterior</i>		640.000,00 €		
	490			Do Fondo de Social Europeo			640.000,00 €	
		490.03		Pacto Polo Empleo				640.000,00 €
<b>5</b>				<b>INGRESOS PATRIMONIAIS</b>				<b>880.000,00 €</b>
	52			<i>Xuros de depósitos</i>		850.000,00 €		
		520		Xuros de depósitos de contas en Instituc. de crédito			850.000,00 €	
			520.00	Xuros de contas bancarias				850.000,00 €
55				<i>Productos de concesións e aproveitamentos especiais</i>		30.000,00 €		
	550			De concesións administrativas con contraprestación periódica			30.000,00 €	
		550.00		De concesións administrativas con contraprestación periódica				30.000,00 €
<b>6</b>				<b>ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS</b>				<b>20.000,00 €</b>
	60			<i>De terreos</i>		1.000,00 €		
		602		Parcelas sobrantes da vía pública			1.000,00 €	
			602.00	Parcelas sobrantes da vía pública				1.000,00 €
61				<i>Dos demais investimentos reais</i>		19.000,00 €		
	619			De outros investimentos reais			19.000,00 €	
		619.00		De outros investimentos reais				19.000,00 €
<b>7</b>				<b>TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>				<b>6.617.682,85 €</b>
	72			<i>Da Administración do Estado</i>		- €		
		720		Da Administración Xeral do Estado			- €	
			720.00	Da Administración Xeral do Estado				- €
76				<i>De Entidades Locais</i>		1.228.382,85 €		
	762			De Concellos			1.228.382,85 €	
		762.00		De Concellos				1.228.382,85 €
79				<i>Do exterior</i>		5.389.300,00 €		
	791			Do Fondo de Desenvolvemento Rexional			5.389.300,00 €	
		791.01		Proxecto InnovaTE				3.760.400,00 €
		791.02		Proxecto Lug02				1.628.900,00 €
<b>8</b>				<b>ACTIVOS FINANCEIROS</b>				<b>300.000,00 €</b>
	83			<i>Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público</i>		300.000,00 €		
		831		Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a longo prazo			300.000,00 €	
			831.00	Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a longo prazo				300.000,00 €
<b>9</b>				<b>PASIVOS FINANCEIROS</b>				<b>- €</b>
	91			<i>Préstamos recibidos en euros</i>		- €		
		913		Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra del sector público			- €	
			913.00	Préstamos recibidos a largo plazo de entes de fóra del sector público				- €







DEPUTACIÓN DE LUGO  
ORZAMENTOS 2013

# 5. Estado de Gas- tos





**Orzamento de Gastos**  
**Resumo por programas**

CLASIFICACIÓN									
POR PROGRAMAS									
	CAPITULO I	CAPITULO II	CAPITULO III	CAPITULO IV	CAPITULO VI	CAPITULO VII	CAPITULO VIII	CAPITULO IX	TOTAL
1350	Consortio Provincial de extinción de inc.	17.500,00 €	2.304.209,20 €	3.600,00 €	6.000,00 €	2.307.809,20 €			590.915,22 €
1500	Servizo de Urbanismo e Arquitectura	567.415,22 €					221.948,97 €		221.948,97 €
1550	Vías públicas				50.000,00 €				50.000,00 €
1690	Outros servizos de benestar comunitario	399.035,43 €	245.750,00 €	459.054,24 €	50.000,00 €	71.500,00 €			580.554,24 €
1720	Protección e mellora do medio ambiente	196.064,99 €		30.000,00 €	366.000,00 €	1.095.419,35 €			2.136.204,78 €
1722	Lugo2				2.327.000,00 €				2.523.064,99 €
1724	Reservas da Biosfera, Terras do Miño		17.000,00 €		3.500,00 €	20.500,00 €			20.500,00 €
1725	Reservas da Biosfera, Terras de Ancares		12.000,00 €		3.500,00 €	15.500,00 €			15.500,00 €
1729	Centros de Interpretación		153.250,00 €		38.000,00 €				191.250,00 €
2210	Outras prest. económ. a/f dos empregados	1.360.500,00 €	36.000,00 €				300.000,00 €		1.696.500,00 €
2300	Administración Xeral de servizos sociais	230.724,36 €	1.200,00 €			200.000,00 €			231.924,36 €
2310	Acción social		97.000,00 €	1.465.000,00 €					1.762.000,00 €
2311	Igualdade		30.000,00 €	210.000,00 €					240.000,00 €
2410	Fomento do Emprego	141.942,66 €			2.870.000,00 €	1.000.000,00 €			4.011.942,66 €
2411	Pacto Provincial polo Emprego		800.000,00 €						800.000,00 €
2412	LugoJob		66.617,00 €	9.783,00 €					76.400,00 €
2413	Centro de Artesanía e Deseño	897.599,85 €	575.500,00 €	30.000,00 €	42.000,00 €				1.545.099,85 €
2414	Escola Obradoiro		1.800,00 €						1.800,00 €
3221	F. P. (Centro Estudos Audiovisuais)		23.400,00 €	1.565.455,00 €					1.588.855,00 €
3231	Ensinanzas universitarias			449.596,00 €					449.596,00 €
3300	Administración Xeral de Cultura	785.141,78 €	24.500,00 €	85.500,00 €	6.000,00 €				901.141,78 €
3330	Museo Provincial	1.440.927,18 €	787.899,89 €	30.000,00 €	30.000,00 €				2.288.827,07 €
3331	Museo San Palo de Narla	60.049,22 €	86.056,33 €		8.400,00 €				154.505,55 €
3332	Museo Etnográfico Pazo de Tor	144.230,71 €	43.257,04 €		2.000,00 €				189.487,75 €
3333	Museo do Mar	47.608,51 €	66.820,81 €		2.000,00 €				116.429,32 €
3340	Promoción cultural		762.500,00 €	1.436.800,00 €		276.000,00 €			2.475.300,00 €
3341	Servizo de Publicacións		90.000,00 €						90.000,00 €
3370	Noctidade		55.000,00 €	125.000,00 €					180.000,00 €
3380	Festas populares e festexos		125.000,00 €						125.000,00 €
3400	Administración Xeral de Deportes		6.100,00 €						6.100,00 €
3410	Promoción e fomento do deporte	351.000,00 €		2.627.000,00 €		250.000,00 €			3.228.000,00 €
3420	Pazo dos Deportes	622.125,76 €			66.000,00 €				688.125,76 €
3421	Escola de Piragüismo		15.538,00 €		15.000,00 €				30.538,00 €
4120	Granxa Provincial "Gayoso Castro"	652.696,06 €	669.400,00 €	278.951,00 €	375.000,00 €	500.000,00 €			1.697.096,06 €
4190	Outras act. en agricult., gand. e pesca		35.000,00 €	18.000,00 €					81.395,10 €
4220	Industria								18.000,00 €
4300	Admon. Xeral de com., tur. e peq. e med. emp.	168.253,76 €	5.500,00 €		2.400,00 €				176.153,76 €
4310	Mercados, feiras e exposicións			100.000,00 €					100.000,00 €
4320	Ordenación e promoción turística	328.592,20 €	328.021,32 €	75.000,00 €	75.000,00 €	100.000,00 €			831.613,52 €
4321	Rutas Fluviais		631.756,00 €						631.756,00 €
4500	Administración Xeral de Infraestruturas	2.371.637,60 €	309.013,58 €	30.000,00 €	7.500,00 €				2.718.151,18 €
4530	Estradas		1.400.000,00 €		4.358.603,61 €				5.758.603,61 €
4531	Plan de Obras e Servizos				3.010.365,96 €				3.010.365,96 €
4540	Infraestruturas de interés veciñal			238.583,03 €		2.000.000,00 €			2.238.583,03 €
4630	Investigación científica, técnica e aplicada								
4910	Sociedade da información	25.775,89 €	60.000,00 €						85.775,89 €
4911	Proxecto Innovate2		34.024,10 €						34.024,10 €
9120	Órganos de Goberno	1.605.580,89 €	343.500,00 €	594.000,00 €	3.000,00 €	5.372.000,00 €			7.920.080,89 €
9200	Administración Xeral	8.863.744,59 €	2.425.125,80 €	88.523,35 €	107.000,00 €				11.484.393,74 €
9201	Parque Móbil	1.139.384,76 €	1.493.900,00 €	3.421,96 €	98.472,42 €				2.735.179,14 €
9202	Formación		127.000,00 €						127.000,00 €
9230	Información básica e estadística				22.000,00 €				22.000,00 €
9240	Participación cidadá		200.660,00 €						200.660,00 €
9291	Fondo de continxencia		300.000,00 €						300.000,00 €
9310	Intervención	1.072.055,72 €	55.600,00 €		12.000,00 €				1.139.655,72 €
9320	Recadación	1.508.143,20 €	132.325,49 €	96.250,00 €	23.000,00 €				1.759.718,69 €
9330	Patrimonio		292.500,00 €		50.000,00 €				342.500,00 €
9340	Tesourería				3.000,00 €				3.000,00 €
9430	Transf. a outras Entidades Locais		414.501,67 €	24.041,00 €					434.701,67 €
9491	Sociedade Urbanística			490.536,36 €					490.536,36 €
0110	Debeda Pública			620.208,32 €		5.718.468,32 €			6.338.676,64 €
	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>24.127.038,15 €</b>	<b>13.939.887,90 €</b>	<b>15.707.517,14 €</b>	<b>19.404.741,99 €</b>	<b>5.718.468,32 €</b>	<b>300.000,00 €</b>	<b>6.868.979,90 €</b>	<b>86.686.841,72 €</b>


**Orzamento de Gastos**  
**RESUMO POR ÁREAS, POLÍTICAS E GRUPOS DE PROGRAMAS**

Área de Gasto	Política de Gasto	Programas	Denominación	CAPITULO I	CAPITULO II	CAPITULO III	CAPITULO IV	CAPITULO VI	CAPITULO VII	CAPITULO VIII	CAPITULO IX	TOTAL
1			<b>SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS</b>	<b>1.162.515,64 €</b>	<b>445.500,00 €</b>	- €	<b>2.793.263,44 €</b>	<b>2.844.000,00 €</b>	<b>1.392.468,32 €</b>	- €	- €	<b>8.637.747,40 €</b>
13			Seguridade e mobilidade cidadá	- €	- €	- €	2.304.209,20 €	- €	3.600,00 €	- €	- €	2.307.809,20 €
15			Servizo de extinción de incendios	- €	- €	- €	2.304.209,20 €	- €	3.600,00 €	- €	- €	2.307.809,20 €
			Vivenda e urbanismo	567.415,22 €	17.500,00 €	- €	- €	56.000,00 €	221.948,97 €	- €	- €	862.864,19 €
150			Administración Xeral de Vivenda e urbanismo	567.415,22 €	17.500,00 €	- €	- €	6.000,00 €	- €	- €	- €	590.915,22 €
151			Urbanismo	- €	- €	- €	- €	- €	221.948,97 €	- €	- €	221.948,97 €
155			Vías públicas	- €	- €	- €	- €	50.000,00 €	- €	- €	- €	50.000,00 €
16			Beneestar comunitario	- €	- €	- €	459.054,24 €	50.000,00 €	71.500,00 €	- €	- €	580.554,24 €
169			Outros servizos de benestar comunitario	- €	- €	- €	459.054,24 €	50.000,00 €	71.500,00 €	- €	- €	580.554,24 €
17			Medio ambiente	595.100,42 €	428.000,00 €	- €	30.000,00 €	2.738.000,00 €	1.095.419,35 €	- €	- €	4.886.519,77 €
172			Protección e mellora do medio ambiente	595.100,42 €	428.000,00 €	- €	30.000,00 €	2.738.000,00 €	1.095.419,35 €	- €	- €	4.886.519,77 €
2			<b>ACTUACIÓNS DE PROT. E PROM. SOCIAL</b>	<b>2.630.766,87 €</b>	<b>1.608.117,00 €</b>	- €	<b>1.714.783,00 €</b>	<b>2.912.000,00 €</b>	<b>1.200.000,00 €</b>	<b>300.000,00 €</b>	- €	<b>10.365.666,87 €</b>
22			Outras prest. económicas a favor dos empregados	1.360.500,00 €	36.000,00 €	- €	- €	- €	- €	300.000,00 €	- €	1.696.500,00 €
221			Outras prest. económicas a favor dos empregados	1.360.500,00 €	36.000,00 €	- €	- €	- €	- €	300.000,00 €	- €	1.696.500,00 €
23			Servizos Sociais e promoción social	230.724,36 €	128.200,00 €	- €	1.675.000,00 €	- €	200.000,00 €	- €	- €	2.233.924,36 €
230			Administración Xeral de servizos sociais	230.724,36 €	1.200,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	231.924,36 €
231			Acción social	- €	127.000,00 €	- €	1.675.000,00 €	- €	200.000,00 €	- €	- €	2.002.000,00 €
24			Fomento do Emprego	1.039.542,51 €	1.443.917,00 €	- €	39.783,00 €	2.912.000,00 €	1.000.000,00 €	- €	- €	6.435.242,51 €
241			Fomento do Emprego	1.039.542,51 €	1.443.917,00 €	- €	39.783,00 €	2.912.000,00 €	1.000.000,00 €	- €	- €	6.435.242,51 €
3			<b>PROD. DE BENS PÚB. DE CARÁCT. PREFERENTE</b>	<b>2.477.957,40 €</b>	<b>3.059.197,83 €</b>	- €	<b>6.319.351,00 €</b>	<b>129.400,00 €</b>	<b>526.000,00 €</b>	- €	- €	<b>12.511.906,23 €</b>
32			Educación	- €	23.400,00 €	- €	2.015.051,00 €	- €	- €	- €	- €	2.038.451,00 €
322			Ensinanza secundaria	- €	23.400,00 €	- €	1.565.455,00 €	- €	- €	- €	- €	1.588.855,00 €
323			Promoción educativa	- €	- €	- €	449.596,00 €	- €	- €	- €	- €	449.596,00 €
33			Cultura	2.477.957,40 €	2.041.034,07 €	- €	1.677.300,00 €	48.400,00 €	276.000,00 €	- €	- €	6.520.691,47 €
330			Administración Xeral de Cultura	785.141,78 €	24.500,00 €	- €	85.500,00 €	6.000,00 €	- €	- €	- €	901.141,78 €
333			Museos e Artes Plásticas	1.692.815,62 €	984.034,07 €	- €	30.000,00 €	42.400,00 €	- €	- €	- €	2.749.249,69 €
334			Promoción cultural	- €	852.500,00 €	- €	1.436.800,00 €	- €	276.000,00 €	- €	- €	2.565.300,00 €
337			Lecer e tempo libre	- €	55.000,00 €	- €	125.000,00 €	- €	- €	- €	- €	180.000,00 €
338			Festas populares e festexos	- €	125.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	125.000,00 €
34			Deporte	- €	994.763,76 €	- €	2.627.000,00 €	81.000,00 €	250.000,00 €	- €	- €	3.952.763,76 €
340			Administración Xeral de Deportes	- €	6.100,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	6.100,00 €
341			Promoción e fomento do deporte	- €	351.000,00 €	- €	2.627.000,00 €	- €	250.000,00 €	- €	- €	3.228.000,00 €
342			Instalacións deportivas	- €	637.663,76 €	- €	- €	81.000,00 €	- €	- €	- €	718.663,76 €

**Orzamento de Gastos**  
**RESUMO POR ÁREAS, POLÍTICAS E GRUPOS DE PROGRAMAS**

Área de Gasto	Política de Gasto	Programas	Denominación	CAPITULO I	CAPITULO II	CAPITULO III	CAPITULO IV	CAPITULO VI	CAPITULO VII	CAPITULO VIII	CAPITULO IX	TOTAL
4			<b>ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	<b>3.252.387,41 €</b>	<b>3.439.261,78 €</b>	<b>30.000,00 €</b>	<b>963.555,35 €</b>	<b>13.200.869,57 €</b>	<b>2.600.000,00 €</b>	- €	- €	<b>23.486.074,11 €</b>
41			Agricultura, Candeiría e Pesca	652.696,06 €	704.400,00 €	- €	278.951,00 €	375.000,00 €	500.000,00 €	- €	- €	2.511.047,06 €
412			Meiora das estruturas agrarias e dos sist. prod.	652.696,06 €	669.400,00 €	- €	- €	375.000,00 €	- €	- €	- €	1.697.096,06 €
419			Outras act. en agricultura, gandaría e pesca	- €	35.000,00 €	- €	278.951,00 €	- €	500.000,00 €	- €	- €	813.951,00 €
42			Industria e enerxía	- €	- €	- €	18.000,00 €	- €	- €	- €	- €	18.000,00 €
422			Industria	- €	- €	- €	18.000,00 €	- €	- €	- €	- €	18.000,00 €
43			Com., turismo e peq. e med. empresas	168.253,76 €	965.848,20 €	- €	428.021,32 €	77.400,00 €	100.000,00 €	- €	- €	1.739.523,28 €
430			Admón. Xeral de comarc tur. e peq. e med. emp.	168.253,76 €	5.500,00 €	- €	- €	2.400,00 €	- €	- €	- €	176.153,76 €
431			Comercio	- €	- €	- €	100.000,00 €	- €	- €	- €	- €	100.000,00 €
432			Ordenación e promoción turística	- €	960.348,20 €	- €	328.021,32 €	75.000,00 €	100.000,00 €	- €	- €	1.463.369,52 €
45			Infraestruturas	2.371.637,60 €	1.709.013,58 €	30.000,00 €	- €	7.376.469,57 €	2.000.000,00 €	- €	- €	13.487.120,75 €
450			Administración Xeral de infraestruturas	2.371.637,60 €	309.013,58 €	30.000,00 €	- €	7.500,00 €	- €	- €	- €	2.718.151,18 €
453			Estradas	- €	1.400.000,00 €	- €	- €	7.368.969,57 €	- €	- €	- €	8.768.969,57 €
454			Camiños vecinais	- €	- €	- €	- €	2.000.000,00 €	- €	- €	- €	2.000.000,00 €
46			Investigación, desenvolvemento e innovación	- €	- €	- €	238.583,03 €	- €	- €	- €	- €	238.583,03 €
463			Investigación científica, técnica e aplicada	- €	- €	- €	238.583,03 €	- €	- €	- €	- €	238.583,03 €
49			Outras actuacións de carácter económico	59.799,99 €	60.000,00 €	- €	- €	5.372.000,00 €	- €	- €	- €	5.491.799,99 €
491			Sociedade da Información	59.799,99 €	60.000,00 €	- €	- €	5.372.000,00 €	- €	- €	- €	5.491.799,99 €
9			<b>ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>14.603.410,83 €</b>	<b>5.387.811,29 €</b>	<b>99.671,96 €</b>	<b>3.916.564,35 €</b>	<b>318.472,42 €</b>	- €	- €	- €	<b>24.325.930,85 €</b>
91			Órganos de Goberno	1.605.580,89 €	343.500,00 €	- €	594.000,00 €	3.000,00 €	- €	- €	- €	2.546.080,89 €
912			Órganos de Goberno	1.605.580,89 €	343.500,00 €	- €	594.000,00 €	3.000,00 €	- €	- €	- €	2.546.080,89 €
92			Servizos de carácter xeral	10.003.129,35 €	4.546.685,80 €	3.421,96 €	88.523,35 €	227.472,42 €	- €	- €	- €	14.869.232,88 €
920			Administración Xeral	10.003.129,35 €	4.046.025,80 €	3.421,96 €	88.523,35 €	205.472,42 €	- €	- €	- €	14.346.572,88 €
923			Información básica e estadística	- €	- €	- €	- €	22.000,00 €	- €	- €	- €	22.000,00 €
924			Participación cidadá	- €	200.660,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	200.660,00 €
929			Imprevistos e funcións non clasificadas	- €	300.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	300.000,00 €
93			Administración financeira e tributaria	2.994.700,59 €	497.625,49 €	96.250,00 €	- €	88.000,00 €	- €	- €	- €	3.676.576,08 €
931			Política económica e fiscal	1.072.055,72 €	55.600,00 €	- €	- €	12.000,00 €	- €	- €	- €	1.139.655,72 €
932			Xestión do sistema tributario	1.508.143,20 €	132.325,49 €	96.250,00 €	- €	23.000,00 €	- €	- €	- €	1.759.718,69 €
933			Xestión do patrimonio	- €	292.500,00 €	- €	- €	50.000,00 €	- €	- €	- €	342.500,00 €
934			Xestión da débeda e da tesorería	414.501,67 €	17.200,00 €	- €	- €	3.000,00 €	- €	- €	- €	434.701,67 €
94			Transferencias a outras Administracións Públicas	- €	- €	- €	3.234.041,00 €	- €	- €	- €	- €	3.234.041,00 €
943			Transferencias a outras Entidades Locais	- €	- €	- €	24.041,00 €	- €	- €	- €	- €	24.041,00 €
949			Transferencias internas	- €	- €	- €	3.210.000,00 €	- €	- €	- €	- €	3.210.000,00 €
0			<b>DÉBIDA PÚBLICA</b>	- €	- €	<b>490.536,36 €</b>	- €	- €	- €	- €	<b>6.868.979,90 €</b>	<b>7.359.516,26 €</b>
01			Débeda Pública	- €	- €	490.536,36 €	- €	- €	- €	- €	6.868.979,90 €	7.359.516,26 €
011			Débeda Pública	- €	- €	490.536,36 €	- €	- €	- €	- €	6.868.979,90 €	7.359.516,26 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>				<b>24.127.038,15 €</b>	<b>13.939.887,90 €</b>	<b>620.208,32 €</b>	<b>15.707.517,14 €</b>	<b>19.404.741,99 €</b>	<b>5.718.468,32 €</b>	<b>300.000,00 €</b>	<b>6.868.979,90 €</b>	<b>86.686.841,72 €</b>

**Orzamento de Gastos**  
**Resumo por capítulos**



## Orzamento de Gastos

### Resumo económico, capítulos, artigos, conceptos e subconceptos

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
<b>1</b>				<b>GASTOS DE PERSOAL</b>				
					<b>24.127.038,15 €</b>			
	10			Órganos de goberno e persoal directivo		708.539,30 €		
		100		Retrib. básicas e outras rem. dos membros dos órganos de goberno			708.539,30 €	
	11			Persoal eventual		670.980,66 €		
		110		Retribucións básicas e outras remuneracións do persoal eventual			670.980,66 €	
	12			Persoal Funcionario		13.058.500,29 €		
		120		Retribucións básicas			5.367.471,77 €	
		121		Retribucións complementarias			7.691.028,52 €	
		127		Contribucións a plans e fondos de pensións			0,00 €	
	13			Persoal Laboral		2.435.999,36 €		
		130		Laboral Fixo			1.966.404,78 €	
		131		Laboral temporal			469.594,58 €	
		137		Contribucións a plans e fondos de pensións			0,00 €	
	15			Incentivos ao rendemento		1.423.254,58 €		
		150		Productividade			1.279.103,44 €	
		151		Gratificacións			144.151,14 €	
	16			Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador		5.829.763,96 €		
		160		Cotas sociais			4.706.034,14 €	
			16000	Seguridade Social				4.442.534,14 €
			16008	Asistencia médico-farmacéutica				250.500,00 €
			16009	Outas cotas				13.000,00 €
		161		Prestacións sociais			132.000,00 €	
			16105	Pensións a cargo da Entidade local				17.000,00 €
			16107	Asistencia médico-farmacéutica a pensionistas				115.000,00 €
		162		Gastos sociais do persoal			965.000,00 €	
			16200	Formación e perfeccionamento do persoal				10.000,00 €
			16204	Acción social				585.000,00 €
			16205	Seguros				320.000,00 €
			16209	Outros gastos sociais				50.000,00 €
		164		Complemento familiar			26.729,82 €	
<b>2</b>				<b>GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>				
					<b>13.939.887,90 €</b>			
	20			Arrendamentos e cánones		79.575,49 €		
		202		Arrendamentos de edificios e outras construcións			52.575,49 €	
		203		Arrendamentos de maquinaria, instalacións e ferramenta			18.500,00 €	
		205		Arrendamentos de mobiliario e aparellos			8.500,00 €	
	21			Reparacións, mantemento e conservación		2.978.650,00 €		
		210		Infraestrutura e bens naturais			2.212.350,00 €	
		212		Edificios e outras construcións			264.500,00 €	
		213		Maquinaria, instalacións e ferramenta			149.700,00 €	
		214		Elementos de transporte			105.000,00 €	
		215		Mobiliario e aparellos			121.800,00 €	
		216		Equipos para procesos de información			125.300,00 €	
	22			Material, subministracións e outros		10.566.662,41 €		
		220		Material de oficina			310.818,33 €	
			22000	Ordinario non inventariable				154.195,48 €
			22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións				83.650,00 €
			22002	Material informático non inventariable				72.972,85 €
		221		Subministracións			1.699.801,00 €	
			22100	Enerxía eléctrica				650.806,00 €
			22101	Auga				52.895,00 €
			22102	Gas				158.900,00 €
			22103	Combustibles e carburantes				421.500,00 €
			22104	Vestuario				48.600,00 €
			22105	Produtos alimenticios				3.000,00 €
			22106	Produtos farmacéuticos e material sanitario				23.000,00 €
			22110	Produtos de limpeza e aseo				21.600,00 €
			22111	Suministros de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte				26.000,00 €
			22113	Manutención de animais				183.000,00 €
			22199	Outros suministros				110.500,00 €
		222		Comunicacións			611.821,67 €	
			22200	Servizos de Telecomunicacións				269.321,67 €
			22201	Postais				342.500,00 €
		223		Transportes			51.500,00 €	
		224		Primas de seguros			165.660,00 €	
		225		Tributos			177.500,00 €	
			22500	Tributos estatais				5.500,00 €
			22501	Tributos das Comunidades Autónomas				1.600,00 €
			22502	Tributos das Entidades locais				170.400,00 €
	226			Gastos diversos			4.600.098,71 €	



Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
			22601	Atencións protocolarias e representativas				190.000,00 €
			22602	Publicidade e propaganda				1.036.400,00 €
			22603	Publicación en Diarios Oficiais				24.000,00 €
			22604	Xurídicos, contenciosos				103.500,00 €
			22606	Reunións, conferencias e cursos				387.000,00 €
			22607	Oposicións e probas selectivas				1.000,00 €
			22609	Actividades culturais e deportivas				716.500,00 €
			22699	Outros gastos diversos				2.141.698,71 €
	227			Traballos realizados por outras empresas			2.949.462,70 €	
			22700	Limpeza e aseo				887.179,48 €
			22701	Seguridade				880.814,48 €
			22706	Estudos e traballos técnicos				255.660,00 €
			22708	Servizos de recadación a favor da entidade				200,00 €
			22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais				925.608,74 €
	23			Indemnizacións por razón do servizo			315.000,00 €	
	230			Axudas de custo			203.500,00 €	
		23000		Dos membros dos órganos de goberno				3.000,00 €
		23020		Do personal non directivo				200.500,00 €
	231			Locomoción			38.000,00 €	
		23100		Dos membros dos órganos de goberno				3.000,00 €
		23120		Do personal non directivo				35.000,00 €
	233			Outras indemnizacións			73.500,00 €	
<b>3</b>				<b>GASTOS FINANCIEROS</b>			<b>620.208,32 €</b>	
	31			De préstamos e outras operacións financeiras en euros			561.786,36 €	
		310		Xuros			561.786,36 €	
	35			Xuros de demora e outros gastos financeiros			58.421,96 €	
		352		Xuros de demora			55.000,00 €	
		358		Xuros por operacións de arrendamento financeiro			3.421,96 €	
<b>4</b>				<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			<b>15.707.517,14 €</b>	
	44			A entes públicos e sociedades mercantís da Entidade Local			3.210.000,00 €	
		449		Outras subv. a ent. públicos e soc. mercantís da Entidade Local			3.210.000,00 €	
		44900		Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial				3.210.000,00 €
	46			A Entidades Locais			4.233.804,44 €	
		462		A Concellos			1.893.554,24 €	
		467		A Consorcios			2.340.250,20 €	
	47			A Empresas privadas			45.000,00 €	
		479		Outras subvencións a Empresas privadas			45.000,00 €	
	48			A familias e institucións sen fins de lucro			8.218.712,70 €	
		481		Premios, becas e pens. estudo e invest.			485.277,88 €	
		482		A Grupos Políticos			594.000,00 €	
		484		Transferencias á FEMP e a FGMP			40.000,00 €	
		489		Outras transferencias			7.099.434,82 €	
		48900		Subvencións				3.923.526,03 €
		48901		Rof Codina				92.500,00 €
		48903		Fundación Feiras e Exposicións				100.000,00 €
		48904		Fundación TIC				1.565.455,00 €
		48905		C.B. Breogán / Fundación BALOGAL				625.000,00 €
		48907		C.A. UNED Lugo				305.101,12 €
		48910		Transferencias				487.852,67 €
<b>6</b>				<b>INVESTIMENTOS REAIS</b>			<b>19.404.741,99 €</b>	
	60			Investimento novo en infraest. e bens destinados ao uso xeral			275.000,00 €	
		600		Investimentos en terreos (Expropiacións)			100.000,00 €	
		609		Outros investimentos novos en infraest. e bens destinados ao uso xeral			175.000,00 €	
	61			Invest. de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral			4.218.603,61 €	
		619		Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral			4.218.603,61 €	
	62			Invest. novo asdo. ao funcionamento operat. dos serv.			792.800,00 €	
		622		Edifícios e outras construcións			685.000,00 €	
		623		Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta			11.000,00 €	
		625		Mobiliario			77.900,00 €	
		626		Equipos procesos información			18.900,00 €	
	63			Invest. de reposición asda. ao funcionamento operat. dos serv.			308.500,00 €	
		632		Edifícios e outras construcións			214.000,00 €	
		633		Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta			38.000,00 €	
		635		Mobiliario			19.500,00 €	
		636		Equipos procesos información			37.000,00 €	
	64			Gastos en Investimentos de carácter inmaterial			7.829.472,42 €	
		640		Gastos en Investimentos de carácter inmaterial			7.728.000,00 €	
		641		Gastos en aplicacións informáticas			17.000,00 €	
		648		Cotas netas de xuros por operacións de arrendamento financeiro			84.472,42 €	
	65			Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos			5.980.365,96 €	
		650		Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos			5.980.365,96 €	
		65000		Plan de Obras e Servizos (P.O.S.)				3.010.365,96 €
		65009		Outros				2.970.000,00 €

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
<b>7</b>		<b>TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>			<b>5.718.468,32 €</b>			
<b>TOTAL CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCIEROS</b>		<b>0,00</b>

## RESUMO POR CAPÍTULOS.

### Estado de gastos

<b>A) OPERACIÓN CORRENTES</b>		<b>4.761.018,40</b>
CAPÍTULO 1	GASTOS DE PERSOAL	82.251,33
CAPÍTULO 2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.678.567,07
CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCIEROS	100,00
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	100,00
<b>B) OPERACIÓN DE CAPITAL</b>		<b>7.200,00</b>
CAPÍTULO 6	INVERSIONS REAIS	7.100,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	100,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>4.768.218,40</b>

1 DE JUNIO AL 30 DE MAIO DE 2013

MANTENIMENTO RFDES TELECOMUNICACIÓNS

Custos anuais	Total	TOTAL CON IVE (21%)
Cota anual (€)	15.787,68	
PRORRATA MES	1315,64	
ANO 2012	16.208,68	3403,823808
		<b>19.612,51</b>

MANTENIMENTO WEB CONSORCIO

Custos anuais	Total	TOTAL CON IVE (21%)
CUOTA MES	59,00	12,39
ANO 2012	<b>856,68</b>	

XESTIÓ PARQUES

Xestion zona norte (Barreiros, Vilalba e Viveiro)	17.562.441,60 €
Xestion zona sur (Chantada, Sarria e Monforte)	17.683.333,11 €

MENSUAL

Xestion zona norte (Barreiros, Vilalba e Viveiro)	187.593,17 €	IVE INC.
Xestion zona sur (Chantada, Sarria e Monforte)	188.884,47 €	IVE INC.

ANO 2012 (ENTERO)

Xestion zona norte (Barreiros, Vilalba e Viveiro)	2.311.147,85 €
Xestion zona sur (Chantada, Sarria e Monforte)	2.327.056,70 €
	<b>4.638.204,56 €</b>

# CADRO DE PERSOAL 2013

período: 01/01/2013-31/12/2013

## 1. Persoal funcionario

EFECTIVO	RETRIBUCIÓNS		CUSTO TOTAL
	mensual		
	período		
Secretaría-Intervención	1.900,00 €		
	22.800,00 €		22.800,00 €
Auxiliar acumulado	500,00 €		
	6.000 €		6.000 €

## 2. Persoal laboral fixo

EFECTIVO	RETRIBUCIÓNS		SEGURIDADE SOCIAL	CUSTO TOTAL
	mensual			
	período			
Xerencia	3.039,51 €			
	36.474,12 €		11.977,21 €	48.451,33 €

## CUSTO CADRO DE PERSOAL 2013

DENOMINACIÓN	PRAZAS	SALARIAIS	SEGURIDADE SOCIAL	TOTAIS
Secretaría-Intervención	1	22.800,00 €	0,00 €	22.800,00 €
Xerencia	1	36.474,12 €	11.977,21 €	48.451,33 €
Auxiliar Administrativo	1	6.000,00 €	0,00 €	6.000,00 €
	3	65.274,12 €	11.977,21 €	77.251,33 €

## EPÍGRAFES COTIZACIÓN SEGURIDADE SOCIAL

CONCEPTO	COTA PATRONAL OFICINAS (epígrafe II a)
CONTINGENCIAS COMUNES	23,60%
DESEMPLEO	5,50%
FOGASA	0,20%
FORMACIÓN PROFESIONAL	0,60%
AT Y EP	1,00%
TOTAL	30,90%

### CADRO DE PERSOAL

#### 1. Funcionarios de carreira

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA		GRUPO	NÍVEL
			CATEGORÍA			
Secretaría- Intervención	1	Habilitación estatal	Secretaría- Intervención		A	26
Auxiliar - administrativo	1	Acumula DPL	Terceira		A1	
					C2	

#### 2. Persoal laboral fixo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1	1	VD	40 horas	nomeamento
TOTAL	1				

**CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN-CATÁLOGO POSTOS DE TRABALLO**

**1. Persoal funcionario**

DESCRIBCIÓNS			RETRIBUCIÓN
DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO SUBGRUPO	INDEMNIZACIÓN DESEMPEÑO POR PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Secretaría-Intervención	1	A1	22.800,00 €
Auxiliar administrativo	1	C2	6.000 €

**2. Persoal laboral fixo**

DESCRIBCIÓNS			RETRIBUCIÓN MENSUAL (12 PAGAS)	P. EXTRA C/U
DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	GRUPO		
Xerencia	1	1	2.665,96 €	2.241,27 €



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2013

# 18. Informe Económico-Financeiro e da Interventora





## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO E DA INTERVENTORA

A Lexislación a aplicar está constituída fundamentalmente en materia de facendas locais polo R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), título VI “Orzamento e Gasto Público”, e R.d. 500/90, do 20 de abril, que regula a materia de Orzamentos, así como a O.m. 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura orzamentaria.

En materia de estabilidade orzamentaria, polo artigo 135 da Constitución Española, pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril (en adiante LOE) de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, sendo de aplicación o R.d. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 15/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidade Locais, en todo o que non se opoña ó previsto na LOE.

A LOE establece en materia de xestión orzamentaria as obrigas seguintes:

- No artigo 29, elaboración dun marco orzamentario a medio prazo (mínimo 3 anos) que garanta unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.
- No artigo 30, a determinación do límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, ésta ven regulada no artigo 12 da propia LOE, que utiliza a taxa de referencia de crecemento do P.I.B. a medio prazo da economía española, aprobada recentemente: 1,7% para 2013 e 2014 e 2,0% para 2015.
- No artigo 14, a prioridade absoluta do pago da débeda pública, é dicir, xuros e amortizacións de débeda.
- No artigo 31, a creación dun fondo de continxencia para atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas inicialmente no orzamento; a contía e condicións da aplicación se determinarán por cada Administración Pública no ámbito das súas competencias respectivas.

Entre os documentos que deben acompañar ó proxecto do Orzamento figura o Informe de Intervención, como sinala o apartado 4) do art. 168 do T.R.L.R.F.L. e art. 18.4 do R.d. 500/90, do 20 de abril, así mesmo, o apartado 1) e) do citado art. 168, sinala “informe económico-financiero”, ámbolos dous se refunden no presente informe. Por



outra parte incorpórase ó Informe de Intervención o Informe ó que se refire o artigo 16 do R.d. 1463/2007, sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A funcionaria que subscribe indica, como aspectos relevantes no proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio actual, os seguintes:

1º.- O Orzamento Xeral ascende a 89.462.179,13 €, diminúe en 4.439.618,21 € respecto a 2012, o que representa un 4,73%. Está integrado polo da propia Entidade, e o da empresa SUPLUSA. A disolución do INLUDES está prevista para o 31 de decembro de 2012, polo que os seus ingresos e gastos pasan a ser asumidos directamente pola Deputación. Os orzamentos que integran o Orzamento Xeral aparecen equilibrados en gastos e ingresos.

2º.- Forma parte da documentación, como anexo, o Marco orzamentario a medio prazo (2013-2015), o Plan de Investimentos e Plan financeiro para o 2012 da propia Entidade, e o Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA; o estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade e dos estados de previsión de SUPLUSA; e o estado da débeda financeira, conforme establece o art. 166.1. do T.R.L.R.F.L. e art. 12. do R.d. 500/90, do 20 de abril. Como documentación complementaria se achegan os Plans de Actuación da Fundación TIC, e o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para 2013.

3º.- O Orzamento da propia Entidade aparece equilibrado por importe de 86.686.841,72 €. O dito Orzamento diminúe respecto do 2012 en 3.799.207,21 € o que representa un 4,20%.

As bases utilizadas para a avaliación dos ingresos por operacións non financeiras, e polo que respecta ás operacións correntes, parten das cantidades liquidadas no exercicio 2012, a previsión na participación dos ingresos do Estado para 2013 que se incrementa nun 21,55%, as liquidacións definitivas dos anos 2008 e 2009 en 108 mensualidades que supoñen 204.422,07 €/mes, e a aportación do Fondo Social europeo para o proxecto Pacto polo Emprego, na anualidade 2013.

Nos ingresos de capital orzaméntanse as previsións de alleamento de investimentos reais (20.000,00 €), e as transferencias de capital, derivadas da aportación dos Concellos para o POS 2013, así como os fondos Feder para os Proxectos LugO2 e InnovaTE2 na derradeira anualidade 2013.

Nas operacións financeiras recóllense os activos financeiros (anticipos persoal) e non se prevé acudir a operación de crédito a longo prazo para financiar investimentos.

Os gastos por operacións non financeiras, no que respecta ás operacións correntes, diminúen en 2.123.127,21 €, un 3,76% respecto ó ano 2012, e estímase suficientes os créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos.

Nos gastos por operacións de capital, os investimentos reais e as transferencias de capital, diminúen en 3.917.187,80 €, o que representa un 13,49 % respecto do ano anterior.

O límite de gasto non financeiro ascende a 79.517.761,82 € e está calculado partindo da regra de gasto e de acordo co establecido no artigo 30 da LOE, como figura no documento que se acompaña ó Orzamento.

Nas operacións financeiras recóllense os activos financeiros (anticipos persoal) e as amortizacións das operacións de crédito a longo prazo, incluíndo unha amortización anticipada de 2.008.013,05 €.

Desagregado por capítulos as variacións máis significativas comparando o Orzamento 2013 coa consolidación do da propia Entidade e o do INLUDES do ano 2012, son as seguintes:

- Capítulo I "Gastos de Persoal" diminúe en 107.208,74 €, un 0,44% respecto ó ano anterior; dita variación engloba:
  - 1) As retribucións do persoal nas contías establecidas na Lei de orzamentos do Estado para 2013, que propón unha conxelación salarial mantendo a redución practica da dende xuño de 2010.
  - 2) As retribucións e asistencias dos órganos de goberno, cos importes das dedicacións dos Deputados, e as retribucións do persoal eventual segundo acordo do Pleno de 7 de xullo de 2011, que contén unha diminución significativa respecto das previsións do ano anterior.
  - 3) Os créditos necesarios para cubrir a Seguridade Social, Farmacias e outros gastos do Fondo Social, así como outras variacións segundo proposta unida ó expediente do cadro de persoal.
  - 4) Non inclúe as aportacións ós Plans de Pensións, polos recortes aprobados polo Goberno.

- Capítulo II “Gastos en bens correntes e servizos” diminúe en 1.446.920,11 €, o que representa un 9,40% respecto do ano anterior, o que supón un gran esforzo e control do gasto en tódalas áreas. Inclúese aquí o proxecto cofinanciado co FSE cunha previsión para a anualidade 2013 de 800.000,00 €, Pacto Polo Emprego II.
- Capítulo III “Gasto financeiros” recolle os xuros que se van aboar por operacións de crédito a longo prazo cunha diminución cifrada en 564.568,14 €, que supón un 47,65%.
- Capítulo IV “Transferencias correntes”, aumenta en 1.309.469,78 € e representa un 9,09% respecto do ano anterior. As variacións máis significativas son:  
O aumento en 315.000,00 € en Outros servizos de benestar comunitario; en Servizos sociais (Acción social) aumenta en 420.000,00 €, completando coa finalidade de Igualdade en 10.000,00 €; a aportación á fundación TIC se mantén igual; na Área de Cultura a redución é de 226 mil euros, en Deportes aumenta en 154 e 269 mil euros en Turismo; tamén aumenta a aportación a Investigación científica, técnica e aplicada en 172.000,00 €; a aportación a Suplusa aumenta en 35.000,00 €.
- Capítulo VI “Investimentos reais”, diminúe en 5.844.727,57 € (23,15%). As variacións máis significativas son as seguintes:  
Os proxectos LugO2 provincial e InnovaTE2 cofinanciados con fondos FEDER, ascendendo a presente anualidade a 2.327.000,00 € e 5.372.000,00 € respectivamente, que supón unha redución de 4.863.000,00 €. A inclusión de 2.870.000,00 € para fomento do emprego mediante investimentos para entes públicos (Concellos), no ano 2012 o importe era de 670.000,00€; a diminución das cantidades destinadas a vías públicas que quedan en 50.000,00 €, as destinadas a estradas provinciais que incluíndo expropiacións ascende a 4.358.603,61 €, mantendo para o Plan de Obras e Servizos as cantidades definitivamente aprobadas no ano 2011 pola Deputación e os Concellos, un total de 3.010.365,96 €, reducíndose na aportación do Estado de 2.741.513,24 euros, as destinadas á Granxa Gaioso Castro por 375.000,00 € e 366.000,00 € para medio ambiente.
- Capítulo VII “Transferencias de capital”, aumenta en 257.639,77 € (4,72%). As variacións máis significativas son:  
A diminución na aportación para investimentos no Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en 247.500,00 €; a diminución en 102.779,58 € na aportación do Convenio subscrito coa Xunta de Galicia e o Concello de Barreiros en materia urbanística; diminúe en 178.500,00 € a dotación para Outros servizos de benestar comunitario; aumenta para protección e mellora do medio ambiente e 1.095 miles de euros; redúcese en 10.000,00 € en Servizos Sociais (Acción social) relativo ás aportacións en investimentos; aumenta en 350 mil euros ata 1 millón de euros correspondentes ó Proxecto Urban Lugo; aumentan as transferencias de capital na Área de Cultura en 46 mil euros, diminúen 750.000,00 € na

Área de Deportes, e aumentan as da Área de Turismo en 55 mil euros; o importe destinado a Comunidades Veciñais mantense en 2 millóns de euros, ó igual que as aportacións en agricultura, gandería e pesca en 500.000,00 €.

- Capítulo VIII “Activos financeiros” 300.000,00 €, diminúe en 60.000,00 €.
- Capítulo IX “Pasivos financeiros”, recolle os importes de amortización das operacións de crédito a longo prazo que deben de aboarse no 2013, e ademais unha amortización anticipada de 2.008.013,05 € aplicando os excedente de Ingresos non financeiros, que traen causa da limitación de gastos non financeiros e a regra de gasto.

4º.- O Proxecto de Orzamento redactado polo Presidente, coa colaboración dos membros corporativos e dos funcionarios dos distintos Servizos coa asistencia dos funcionarios de Intervención, e máis o da empresa SUPLUSA, reúnen a documentación esixida polo artigo 168 do TRLRFL e art. 18 do R.d. 500/90, de 20 de abril, así como anexos do art. 166 do TRLRFL e art. 12 do R.d. 500/90, do 20 de abril, e as novidades da LOE xa indicadas anteriormente.

O Orzamento Xeral está equilibrado en gastos e ingresos; así mesmo, o art. 16.2 do R.d. 500/90, do 20 de abril, dispón que ningún orzamento poderá presentar déficit ó longo do exercicio; en consecuencia, todo incremento nos créditos orzamentarios ou diminución nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

As Bases de Execución a que se refire o art. 166 do TRLRFL e art. 9 do R.d. 500/90 do 20 de abril, foron confeccionadas de acordo coa normativa vixente, así como a estrutura orzamentaria, segundo a O.m. 3565/2008 do 3 de decembro, e regulan a fiscalización previa limitada.

O Plan de Investimentos para 2013 detállase en proxectos codificados para a súa identificación e coa especificación mínima que establece o artigo 13 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, completándose co Plan Financeiro para 2013.

5º.- A tenor do art. 166.1.d) do TRLRFL, o volume de endebedamento previsto a 31 de decembro de 2013 é de 41.632.479,55 €.

O volume total de capital vivo das operacións de crédito existentes non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados, segundo os estados consolidados da última liquidación (2011 de 72.163.174,27 €) representa o 57,69% ós efectos establecidos no artigo 53 do citado TRLRFL, e da D.F. 18ª da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamento xeral do Estado para 2012, de modificación da disposición adicional 14 do R.d. Lei

20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

**6º.-** O proxecto de Orzamento Xeral elévase ó Pleno da Excma. Deputación para a aprobación inicial segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/1985 e o artigo 168.4 do TRLRFL.

Para a tramitación do orzamento haberá que averse o disposto no art.169 do T.R.L.R.F.L., art. 20 do R. d. 500/90, do 20 de abril, artigos concordantes e demais disposicións legais que lle afecten.

En Lugo, a 19 de novembro de 2012,  
A INTERVENTORA,

Asdo.: Rosa Abelleira Fernández



DEPUTACIÓN DE LUGO  
ORZAMENTOS 2013

19. Informe ava-  
liación estabilidad or-  
zamentaria





## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Asunto:** *Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na aprobación dos orzamentos do exercicio 2013.*

A nova normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira ven establecida pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril (en adiante LOE), que entrou en vigor o 1 de maio e deroga expresamente o texto refundido aprobado polo RDL 2/2007, do 28 de decembro, da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, sendo de aplicación o RD 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE.

Polo que atinxe ás deputacións inclúense no mesmo ámbito de aplicación que as entidades do artigo 111 do TRLRFL.

A diferenza que existe no REO entre ambos tipos de entidades maniféstase, entre outros, no artigo 16, polo que a Intervención Local nas entidades do artigo 111 do TRLRFL informa sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria na aprobación do orzamento e nas modificacións, correspondendo á Intervención Xeral da Administración do Estado no resto dos casos (liquidacións, conta xeral - agora corresponde á Xunta de Galicia). No resto de entidades (deputacións e outros concellos ) é a intervención local a encargada de emitir os ditos informes.

En cumprimento do disposto no artigo 16 do REO, emítase o presente informe que se incorporará ao previsto no artigo 168.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais referido á aprobación do orzamento xeral de 2013, coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria xerado polo mesmo.

### **1. ANTECEDENTES.**

---

A data actual a Deputación de Lugo ten en vigor un Plan Económico Financeiro 2012-2013 (PEF 2012-2013) aprobado polo Pleno da Deputación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2012 e aprobado definitivamente por resolución da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia de data 20 de xullo de 2012. O citado PEF 2012-2013 foi elaborado como consecuencia de que a liquidación do exercicio 2011 non acadou o obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar una necesidade de financiamento de 67.144.675,28 € como consecuencia da utilización dos remanentes de



tesourería para gastos xerais, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

No PEF 2012-2013 conclúese que a proxección da liquidación de orzamentos 2012 en termos de contabilidade nacional presentaría necesidade de financiamento. A proxección do orzamento e a liquidación de 2013, amosaría xa estabilidade orzamentaria.

## 2. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.

---

Os entes públicos dependentes da Deputación, a saber, a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA), a Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC) e o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de Bomberos) serán consideradas entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.1 do REO, ó prestar servizos ou producir bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais,

## 3. CONSOLIDACIÓN DOS ORZAMENTOS E ELIMINACIÓN DAS OPERACIÓNS INTERNAS.

---

Realízase a consolidación dos datos contidos nas previsións iniciais dos orzamentos do exercicio 2013 da propia Deputación Provincial de Lugo, da Fundación TIC, de SUPLUSA e do Consorcio.

Os axustes que proceden por eliminación das operacións internas serían:

a) Deducción por transferencias correntes da Deputación de Lugo en 2013 a:

1. SUPLUSA.....	3.210.000,00 €
2. Fundación TIC .....	1.565.455,00 €
3. Consorcio Bomberos .....	2.304.209,20 €
TOTAL.....	7.079.664,20 €

b) Deducción por transferencias de capital da Deputación de Lugo en 2013 a:

1. Fundación TIC .....	1.000.000,00 €
2. Consorcio Bombreros.....	3.600,00 €
TOTAL.....	1.003.600,00 €

## ORZAMENTO INICIAL 2013

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO COMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
I N G R E S O S	CAP. 1	4.996.547,69	0,00	0,00	0,00	0,00	4.996.547,69
	CAP. 2	3.970.767,20	0,00	0,00	0,00	0,00	3.970.767,20
	CAP. 3	6.584.063,71	0,00	0,00	152.500,00	0,00	6.736.563,71
	CAP. 4	63.317.780,27	3.210.000,00	1.565.455,00	4.608.418,40	7.079.664,20	79.781.317,87
	CAP. 5	880.000,00	90.819,06	12.000,00	100,00	0,00	982.919,06
	CAP. 6	20.000,00	1.934.518,35	0,00	0,00	0,00	1.954.518,35
	CAP. 7	6.617.682,85	750.000,00	1.000.000,00	7.200,00	1.003.600,00	9.378.482,85
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL		86.686.841,72	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	108.101.116,73

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	24.127.038,15	890.000,00	959.881,00	82.251,33	0,00	26.059.170,48
	CAP. 2	13.939.887,90	1.461.436,64	466.950,00	4.678.567,07	0,00	20.546.841,61
	CAP. 3	620.208,32	0,00	10.624,00	100,00	0,00	630.932,32
	CAP. 4	15.707.517,14	389.903,86	70.000,00	100,00	7.079.664,20	23.247.185,20
	CAP. 6	19.404.741,99	50.000,00	1.070.000,00	7.100,00	0,00	20.531.841,99
	CAP. 7	5.718.468,32	0,00	0,00	100,00	1.003.600,00	6.722.168,32
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	6.868.979,90	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	10.062.976,81
	TOTAL		86.686.841,72	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20

## SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	86.386.841,72	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	107.801.116,73
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	79.517.861,82	2.791.340,50	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	97.738.139,92
CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	6.868.979,90	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	10.062.976,81

A partir dos criterios contidos no “Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)” elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

- **Nos datos da Deputación de Lugo:**

1. Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos: para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados.

Debido a que o importe orzamentado nos devanditos capítulos calcúlase como unha estimación dos dereitos recoñecidos netos que se esperan obter no exercicio 2013 (principio de devengo), para aplicar o principio de caixa, deberíanse axustar ditos importes, de xeito que o importe que

tomemos en consideración sexa a recadación neta esperada e non os dereitos recoñecidos agardados. Por elo, aplicaremos ó importe dos capítulos 1, 2 e 3 do orzamento (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos estatales) a porcentaxe estimada da recadación neta. Tómase como estimación a porcentaxe que na liquidación do orzamento de 2011 (último exercicio pechado e liquidado) obtívose dos dereitos recadados netos, fronte os dereitos previstos do capítulos 1 ao 3 (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos)

	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2011	RECADACION NETA 2011	%
CAPÍTULO I (*)	2.174.519,69	1.367.230,58	62,88%
CAPÍTULO II (*)	0,00	0,00	-
CAPITULO III	6.792.215,29	6.045.514,10	89,01%
<b>TOTAL (*)</b>	<b>8.966.734,98</b>	<b>7.412.744,68</b>	<b>82,67%</b>

(\*) Agás conceptos relativos a cesión de tributos

Por outra banda consideraranse os ingresos recadados de exercicios pechados dos capítulos 1, 2 e 3 (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos estatales), continuando co criterio de caixa, á vista dos datos de recadación do ano 2011 (último pechado e liquidado) obtense o seguinte desglose:

	PENDENTE A 1-1-2011	RECADACION 2011	%
1989	6.010,12	0,00	0,00%
1993	231,69	0,00	0,00%
1994	250,89	0,00	0,00%
1995	511,88	76,27	14,90%
1996	928,13	107,99	11,64%
1997	3.788,50	283,65	7,49%
1998	5.104,56	320,34	6,28%
1999	11.437,89	1.058,43	9,25%
2000	28.645,74	1.618,88	5,65%
2001	29.640,23	6.823,81	23,02%
2002	129.554,55	3.737,65	2,89%
2003	7.667,74	1.930,94	25,18%
2004	7.667,37	1.409,02	18,38%
2005	3.889.000,52	1.566,68	0,04%
2006	4.175.873,15	3.323,03	0,08%
2007	3.999.858,42	4.874,42	0,12%
2008	3.888.412,59	4.634,46	0,12%
2009	3.794.417,37	31.720,16	0,84%
2010	2.172.881,82	327.940,75	15,09%
<b>TOTAL</b>	<b>22.151.883,16</b>	<b>391.426,48</b>	<b>1,77%</b>

En conclusión, segundo as contas de recadación do ano 2011 (o derradeiro pechado e liquidado) dos ingresos de exercicios pechados, cobrouse o 1,77% do saldo pendente a 1 de xaneiro de 2011. O citado porcentaxe aplicarase, ao non estar liquidado o exercicio de 2012, aos dereitos

de cobro pendentes de recadar existentes a fecha do presente informe que integrarán a agrupación de orzamentos pechados a 1 de xaneiro de 2013 con alguna variación de escasa significación.

A influencia que terá a disolución do INLUDES e a conseguinte asunción pola Deputación dos seus dereitos pendentes de cobro será pouco significativa non procedendo a realizar axuste algún.

2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos e do fondo complementario de financiamento:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no periodo no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os importes orzamentados nestes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2013) os cales serán ingresados previsiblemente no exercicio 2013. En consecuencia, considérase como magnitude en Contabilidade Nacional a importe orzamentado, porque correspóndese coas cantidades que serán recoñecidas polo Estado por estes conceptos no exercicio 2013, polo que non será preciso a realización de ningún axuste.
3. Non se considera necesario a realización de mais axustes por considerar que as condicións que implicarían a realización dos mesmos non poden ser coñecidos no momento da presupuestación e por outra banda as diferencias a axustar poderían ser consideradas mais ben residuais que financeiramente significativas.

Unha vez realizados os axustes anteriores os importes do orzamento de gastos e ingresos da Deputación de Lugo en termos de contabilidade nacional quedaría como sigue:

		ORZAMENTO	AXUSTES POR % DE COBRO DE CORRENTE	AXUSTES POR % DE COBRO DE CERRADOS	ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTAB. NACIONAL
I N G R E S O S	CAP. 1	4.996.547,69	-385.072,60	27.081,31	4.638.556,40
	CAP. 2	3.970.767,20	0,00	0,00	3.970.767,20
	CAP. 3	6.584.063,71	-489.931,23	3.241.465,46	9.335.597,94
	CAP. 4	63.317.780,27	0,00	0,00	63.317.780,27
	CAP. 5	880.000,00	0,00	0,00	880.000,00
	CAP. 6	20.000,00	0,00	0,00	20.000,00
	CAP. 7	6.617.682,85	0,00	0,00	6.617.682,85
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	-	0,00	0,00	0,00
TOTAL		86.686.841,72	-875.003,83	3.268.546,77	89.080.384,66

		ORZAMENTO	AXUSTES POSITIVOS	AXUSTES NEGATIVOS	ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTAB. NACIONAL
G A S T O S	CAP. 1	24.127.038,15	0,00	0,00	24.127.038,15
	CAP. 2	13.939.887,90	0,00	0,00	13.939.887,90
	CAP. 3	620.208,32	0,00	0,00	620.208,32
	CAP. 4	15.707.517,14	0,00	0,00	15.707.517,14
	CAP. 6	19.404.741,99	0,00	0,00	19.404.741,99
	CAP. 7	5.718.468,32	0,00	0,00	5.718.468,32
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	6.868.979,90	0,00	0,00	6.868.979,90
	TOTAL		86.686.841,72	0,00	0,00

▪ **Nos datos de SUPLUSA, da Fundación TIC e do Consorcio de Bomberos**

Non se considera necesario a realización de axustes por considerar que as condicións que implicarían a realización dos mesmos non poden ser coñecidos no momento da presupuestación e por outra banda as diferencias a axustar poderían ser consideradas mais ben residuales que financeiramente significativas.

Tendo en conta todas as consideracións anteriores presentase a información consolidada en termos de contabilidade nacional, de acordo coa definición contida no sistema europeo de Contas Nacionais e Rexionais:

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSF. INTERNAS	TOTAL
I N G R E S O S	CAP. 1	4.638.556,40	0,00	0,00	0,00	0,00	4.638.556,40
	CAP. 2	3.970.767,20	0,00	0,00	0,00	0,00	3.970.767,20
	CAP. 3	9.335.597,94	0,00	0,00	152.500,00	0,00	9.488.097,94
	CAP. 4	63.317.780,27	3.210.000,00	1.565.455,00	4.608.418,40	7.079.664,20	79.781.317,87
	CAP. 5	880.000,00	90.819,06	12.000,00	100,00	0,00	982.919,06
	CAP. 6	20.000,00	1.934.518,35	1.000.000,00	0,00	0,00	2.954.518,35
	CAP. 7	6.617.682,85	750.000,00	0,00	7.200,00	1.003.600,00	8.378.482,85
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	89.080.384,66	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	110.494.659,67

		DEPUTACION	SUPLUSA	TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSF. INTERNAS	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	24.127.038,15	890.000,00	959.881,00	82.251,33	0,00	26.059.170,48
	CAP. 2	13.939.887,90	1.461.436,64	466.950,00	4.678.567,07	0,00	20.546.841,61
	CAP. 3	620.208,32	389.903,86	10.624,00	100,00	0,00	1.020.836,18
	CAP. 4	15.707.517,14	0,00	70.000,00	100,00	7.079.664,20	22.857.281,34
	CAP. 6	19.404.741,99	50.000,00	1.070.000,00	7.100,00	0,00	20.531.841,99
	CAP. 7	5.718.468,32	0,00	0,00	100,00	1.003.600,00	6.722.168,32
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	6.868.979,90	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	10.062.976,81
	TOTAL	86.686.841,72	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	108.101.116,73

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS	88.780.384,66	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	110.194.659,67
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS	79.517.861,82	2.791.340,50	2.577.455,00	4.768.218,40	8.083.264,20	97.738.139,92

CAPACIDAD/NECESIDADE FINANCIAMENTO	9.262.522,84	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	12.456.519,75
------------------------------------	--------------	--------------	------	------	------	---------------

Dos datos extraídos segundo o procedemento anterior, a nivel consolidado, observase unha capacidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria que ascende a 12.456.519,75 €.

A capacidade de financiamento ven determinada pola suma e consolidación do déficit/superávit que a nivel individual presentan:

▪ Deputación de Lugo .....	9.262.522,84 €
▪ SUPLUSA .....	3.193.996,91 €
▪ Fundación TIC .....	0,00 €
▪ Consorcio de bomberos.....	0,00 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>12.456.519,75 €</b>

#### 4. VERIFICACIÓN CUMPRIMENTO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2012-2013

---

No orzamento elaborado para o exercicio 2013, aínda que se acada o obxectivo de estabilidade orzamentaria tal e como se preveía no PEF 2012-2013, non se cumpren as proxeccións fixadas no dito PEF.

O motivo é que con posterioridade á elaboración e aprobación do PEF 2012-2013 houbo modificacións legislativas en materia fiscal (Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade) que mudaron sustancialmente as previsións realizadas. As hipótese de partida para a estimación do orzamento da Deputación que experimentaron variacións foron as seguintes:

- Preveíase con carácter xeral una redución do 10 % nas entregas a conta da participación nos tributos do Estado. Cos datos comunicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os ingresos por participación nos tributos do Estado experimentan una subida do 21,55 %.
- Contemplábase o ingreso do 50% da liquidación definitiva do 2010. Xa foi ingresada no exercicio 2012.
- Preveíase a concertación dunha operación de crédito por 4.500.000,00 €. No proxecto de orzamento non se prevee.

A contía das modificacións experimentadas no orzamento de ingreso posibilita que non sexan tan cuantiosas as reducións previstas no orzamento de gasto no PEF 2012-2013.

Unha vez sexa aprobado o orzamento do exercicio 2013 e a liquidación do 2012, o PEF deberá ser obxecto de axuste.

## 5. CONCLUSIÓNS.

---

O orzamento do exercicio 2013, a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 12.456.519,75 €, dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En cumprimento do establecido no artigo 16 do REO, o presente informe de avaliación elevarase ao Pleno.

Lugo, a 19 de novembro de 2012

A interventora xeral,

Rosa Abelleira Fernández







DEPUTACIÓN DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

Novembro 2012





-Documentos do trámite administrativo de aprobación do Orzamento: Aprobación inicial, reclamacións, aprobación definitiva.



## Acta da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais

Acta da reunión do día 22 de Novembro de 2012

### Asistentes:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar García Porto  
D. José Fernández Fernández  
D<sup>a</sup>. Regina Polín Rodríguez  
D. Miguel A. Sotuela Vega  
D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo  
D. Mario Outeiro Iglesias  
D<sup>a</sup>. Elena Candia López  
D. José Manuel Mato Díaz  
D. José Manuel Gómez Puente  
D. Manuel Jesús González Capón

### Secretario da Comisión:

D. José Antonio Castro Liz, Técnico en Administración Financeira e Contable.

Sendo as dez horas e vinte minutos do día vintedous de novembro de dous mil trece no Salón de Comisións do Pazo Provincial, reúnense os Sres. Deputados relacionados, membros das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, **baixo a Presidencia do Vicepresidente Primeiro o Ilmo. Sr. Don Antón Veiga Outeiro**, asistido do Secretario Xeral da Deputación D. José Antonio Mourelle Cillero e coa asistencia do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, D. Fernando Seijas Puga, en substi-

tución da Interventora Xeral, co obxecto de emitir os seguintes dictames:

## EMISIÓN DE DICTAMES

- 1. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Excma. Deputación Provincial para el ano 2013, e documentación que se acompaña.*

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz, D. José Manuel Gómez Puente e D. Manuel Jesús González Capón, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión, sendo as dez horas e vintecinco minutos do día de referencia, de todo o cal o Secretario certifica.

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO,





COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E  
ESPECIAL DE CONTAS, E DE GOBERNO INTERIOR E  
ASUNTOS XERAIS

DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado "*Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Excma. Deputación Provincial para o ano 2013, e documentación que se acompaña*", A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, coa abstenición dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz, D. José Manuel Gómez Puente e D. Manuel Jesús González Capón, representantes do Grupo Provincial Popular, dictaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 22 de Novembro de 2012.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

PLENO

Sección de día 22 de Novembro de 2012

EL PRESIDENTE

ALFONSO

SECRETARIO

SECRETARIO

*[Firma]*

*[Firma]*



Fecha: 11/12/12


11 de decembro de 2012

Unidade: Intervención

SECCIÓN DE ACTAS

Assunto:

Remite certificación acordo do Pleno de 27-11-2012



Destinatario:

**Servizo de Intervención**

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, relativo a “APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2013, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA”.

O SECRETARIO,  
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,



**DON MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA**, Secretario Interventor da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en función de Secretario,

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2013, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.**

Dáse lectura ao ditame das Comisións de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, que dí o seguinte:

**1.-** O proxecto de Orzamento Xeral para 2013 ascende a 89.462.179,13 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira. Aplica a regra de gasto e determina o límite de gasto non financeiro.

Inclúe, en aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, a simplificación da estrutura administrativa coa disolución do INLUDES prevista para o 31 de decembro de 2012, asumindo directamente os gastos actuais do mesmo pola Deputación.

Queda integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Entidade, ascende a 86.686.841,72 €.
- O de SUPLUSA, ascende a 5.985.337,41 €.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>I N G R E S O S</b>				
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<i>86.186.841,72 €</i>	<i>5.985.337,41 €</i>	<i>3.210.000,00 €</i>	<i>89.162.179,13 €</i>
1. IMPUESTOS DIBI CÍTOS	4.926.547,69 €			4.926.547,69 €
2. IMPUESTOS INDIRECTOS	3.920.767,20 €			3.920.767,20 €
3. IAX , PRECÍ PÍE E OUTROS INGR	6.584.063,71 €			6.584.063,71 €
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	63.317.780,27 €	3.210.000,00 €	3.210.000,00 €	63.317.780,27 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	850.000,00 €	92.819,06 €		920.819,06 €
6. ALIAMENTO DE INVST. REAIS	20.000,00 €	1.934.518,35 €		1.954.518,35 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.617.682,85 €	750.000,00 €		7.367.682,85 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<i>300.000,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>- €</i>	<i>300.000,00 €</i>
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €	- €		- €
<b>TOTAL</b>	<b>86.486.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>G A S T O S</b>				
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<i>79.517.161,82 €</i>	<i>2.791.340,50 €</i>	<i>3.210.000,00 €</i>	<i>79.999.202,32 €</i>
1. GASTOS DE PERSOAL	24.127.038,15 €	890.000,00 €		25.017.038,15 €
2. GASTOS CORR. EN BIENS E SERV.	13.939.657,90 €	1.461.436,64 €		15.401.324,54 €
3. GASTOS FINANCIEROS	620.268,32 €	389.903,86 €		1.010.112,18 €
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	15.707.517,14 €		3.210.000,00 €	12.497.517,14 €
6. INVERSIONS REAIS	19.464.741,99 €	50.000,00 €		19.454.741,99 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.718.468,32 €			5.718.468,32 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<i>7.168.979,90 €</i>	<i>3.193.996,91 €</i>	<i>- €</i>	<i>10.362.976,81 €</i>
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	6.868.979,90 €	3.193.996,91 €		10.062.976,81 €
<b>TOTAL</b>	<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>





O Orzamento Xeral ou consolidado en 2012, estaba cifrado en 93.901.797,34 €, o presente diminúe en 4.439.618,21 €, equivalente ao 4,73%.

Ao Orzamento Xeral únense como anexos:

- Marco Orzamentario a medio prazo (2013-2015).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa

**SUPLUSA.**

- O Estado de consolidación dos Orzamentos que integran o Xeral.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria se achegan os Plans de Actuación da Fundación TIC e o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

2.- O Orzamento da propia Entidade en 2012 estaba cifrado en 90.486.048,93 €, o presente baixa en 3.799.207,21 €, o equivalente ao 4,20%, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

**INGRESOS**

<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<i>86.386.841,72 €</i>
<hr/>	
Oper. Corr. (1-5)	79.749.158,87 €
Oper. Cap. (6-7)	6.637.682,85 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<i>300.000,00 €</i>
<hr/>	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
<hr/>	
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>86.686.841,72 €</b>
<hr/>	

## GASTOS

<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<i>79.517.861,82 €</i>
<hr/>	
Oper. Cott. (1-4)	54.394.651,51 €
Oper. Cap. (6-7)	25.123.210,31 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<i>7.168.979,90 €</i>
<hr/>	
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	6.868.979,72 €
<hr/>	
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>86.686.841,72 €</b>
<hr/>	

O límite de gasto non financeiro ascende a 79.517.861,82 €; obtense pola aplicación da regra de gasto e cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 25.123.210,31 € , diminúe en 3.917.187,80 € respecto ó 2012, equivalente ao 28,98% do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	6.617.682,85 €
-Alleamento de investimentos reais	20.000,00 €
-Recursos ordinarios:	18.485.527,46 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

O Capítulo 6º será obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por xeración de créditos con ingresos afectados en concepto de transferencias de capital.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Límite de gasto non financeiro e regra de gasto.



- Liquidación do Orzamento de 2011, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario, tanto da propia entidade como do INLUDES.
- Liquidación do Orzamento de 2012 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar, tanto da propia entidade como do INLUDES.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2012 referida ao 31 de decembro, tanto da propia entidade como do INLUDES.
  - Anexo de persoal.
  - Anexo ou Plan de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
  - Informe económico-financeiro e da Interventora.
  - Informe avaliación estabilidade orzamentaria.

3.- Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación a SUPLUSA e demais entes dependentes en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2013 que ascende a 89.462.179,13 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, integrado polo da propia Entidade que ascende a 86.686.841,72 €, e o Orzamento da empresa SUPLUSA, que ascende a 5.985.337,41 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º.- Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º.- Aprobar o Marco Orzamentario para 2013-2015.

5º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro no orzamento da propia Entidade para 2013 ascendente a 79.517.861,82 €.

6º.- Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2013.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D<sup>ña</sup>. Elena Candía López, D. José Manuel Mato Díaz, D. José Manuel Gómez Puente e D. Manuel Jesús González Capón, acordan informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación da proposta de aprobación do proxecto de Orzamentos para o ano 2013, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; votos en contra, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización,



DEPUTACIÓN DE LUGO

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a once de decembro de dous mil doce.

Vº. e Prace

**"O PRESIDENTE**

*P.D. Decreto nº 3298/2012, de 05-12-2012*

**A DEPUTADA PROVINCIAL,**

*Asdo: Regina Polín Rodríguez"*

---



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

28 de novembro de 2012


fecha LUGO

unidad de origen SECCION DE ACTAS

asunto Remite anuncio para publicación no B.O.P.

destinatario

Negociado de Administración do Boletín Oficial da Provincia



Co obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, remito anuncio sobre aprobación inicial do proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2013, e documentación que o acompaña.

O SECRETARIO  
DO XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS  
E ASUNTOS XERAIS,




*[Handwritten signature]*



## ANUNCIO

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Excm. Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2013, e documentación que se acompaña; exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, durante os cales se admitirán reclamacións e suxestións aos mesmos, transcorrido dito prazo sen que se presentaran reclamacións e suxestións entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e oito de novembro de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.



*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, o expediente de extinción do Organismo Autónomo "Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social" (INLUDES), exponse ó público na Secretaría desta Deputación por espazo de trinta días, durante os cales se admitirán reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, vinte e oito de novembro de dous mil doce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4889

*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, a "Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), Integración do Inludes"; exponse ó público na Secretaría Xeral desta Entidade Provincial, durante o prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunos, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e oito de novembro de dous mil doce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4890

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Excm. Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2013, e documentación que se acompaña; exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, durante os cales se admitirán reclamacións e suxestións aos mesmos, transcorrido dito prazo sen que se presentaran reclamacións e suxestións entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e oito de novembro de dous mil doce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4891

**SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN***Anuncio*

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 041 do día 19 de febreiro de 2008, publicanse as Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, así como o alcance e contido da delegación efectuada, entre outros polo Concello de CASTROVERDE, sendo tamén publicado no Diario Oficial de Galicia número 46 do día 5 de marzo de 2008.

No Boletín Oficial da Provincial número 286 do día 13 de decembro de 2008 publícase a reforma das citadas bases.

O Concello de Castroverde amplía a delegación de competencias, a cal foi aprobada polo acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión plenaria ordinaria, celebrada o día 24 de setembro de 2012, que é aceptada pola Deputación Provincial (decreto núm. 2999 de data 6 de novembro de 2012, segundo o tenor literal seguinte:

**\*\*Primeiro:** Incorporar ao acordo de delegación de competencias a favor da Deputación Provincial de Lugo en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, aprobado polo Pleno do Concello con data 31 de xaneiro de 2008 e modificado no pleno de data 27 de novembro de 2008, e coa mesma vixencia, o seguinte punto:

As competencias de xestión recadatoria en período voluntario, a partir de 1 de xaneiro de 2013, de:

- Taxa por abastecemento de auga.

- Taxa por recollida de lixo





## Acta da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais

Acta da reunión do día 20 de Decembro de 2012

### Asistentes:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar García Porto  
D. José Fernández Fernández  
D<sup>a</sup>. Regina Polín Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Elena Candia López  
D. José Manuel Mato Díaz

### Secretario da Comisión:

D. José Antonio Castro Liz, Técnico en Administración Financeira e Contable.

Sendo as trece horas do día vinte de decembro de dous mil doce no Salón de Comisións do Pazo Provincial, reúnense os Sres. Deputados relacionados, membros das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, **baixo a Presidencia da Vicepresidenta segunda, a Ilmo. Sra. Dona Lara Méndez López**, asistida do Secretario Xeral da Deputación D. José Antonio Mourelle Cillero e coa asistencia da Interventora Xeral da Deputación D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández, co obxecto de emitir os seguintes dictames:

### EMISIÓN DE DICTAMES

*1. Alegacións presentadas ó proxecto de Orzamento da Excma. Deputación Provincial para 2013, e aprobación definitiva do mesmo se procede*


A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, co voto en contra dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

***ASUNTO DE URXENCIA: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía Transferencia de Crédito***

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión, sendo as trece horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal o Secretario certifica.

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO, -





COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, E DE GOBERNO INTERIOR E ASUNTOS XERAIS

DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado "*1. Alegacións presentadas ó proxecto de Orzamento da Excma. Deputación Provincial para 2013, e aprobación definitiva do mesmo se procede*", A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, co voto en contra dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Provincial Popular, dictaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 20 de Decembro de 2012.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
PLENO  
Sesión do día 20 de Decembro de 2012  
COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, E DE GOBERNO INTERIOR E ASUNTOS XERAIS  
SECRETARÍA  
A Súa Señoría D<sup>a</sup> Elena Candia López  
A Súa Señoría D. José Manuel Mato Díaz



## PROPOSTA DA PRESIDENCIA

### Asunto: Reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral de 2013 e aprobación definitiva

O proxecto de Orzamento Xeral 2013 da Excm. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente o 27 de novembro e exposto ao público por 15 días hábiles, segundo anuncio no BOP nº275 de 29 de novembro.

Á vista dos escritos presentados e do informe de Intervención no que se pon de manifesto a improcedencia de admitir os citados escritos como reclamacións administrativas, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º. Declarar a inadmisión dos escritos presentados como reclamacións administrativas.

2º. Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2013, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

Lugo, a 22 de decembro de 2012,

O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro

EXCM. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
PLENO  
Sesión do día 2 de Decembro de 2012  
CUMPLASE  
SECRETARIO



## INFORME DE INTERVENCIÓN

### Asunto: Reclamacións ao Orzamento Xeral de 2013

O Proxecto de Orzamento Xeral 2013 da Excma. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 27 de novembro, e exposto ao público segundo anuncio no BOP nº275, do 29 de novembro, por espazo de 15 días hábiles, presentándose en prazo no Rexistro Xeral de entrada os seguintes escritos:

1). Co número 35.557 de rexistro, presentado por:

1. D. Manuel Jesús Vázquez Corredoira, en nome e representación de PRONE LUGO A.D. e Fundación AZKAR.
2. D<sup>a</sup>. Teresa Latas Zavała, no nome e representación de PORTA XI ENSINO.
3. D. José Bouza Beltrán, no nome e representación de Club EMEVÉ.
4. D. Luis Abelleira Mayor, no nome e representación de REAL AERoclUB DE LUGO.
5. D. Julio Palacios Valixo, no nome e representación de SD RESIDENCIA.

Manifestan a súa disconformidad cos criterios e importes anuais concedidos aos solicitantes, destinados ás subvencións nominativas para entidades deportivas provinciais; solicitando a revisión de ditos importes para que a redución afecte á totalidade das entidades solicitantes, e se proceda a un reparto partindo dos principios de igualdade, obxectividade, imparcialidade e legalidade.

2). Co número 35.766 de rexistro, por D<sup>a</sup> Elena Candia López, portavoz do Grupo Popular na Excma. Deputación, e os demais Srs. Deputados do citado Grupo político.

Manifestan a omisión e insuficiencia de crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles en base ás competencias propias da Deputación recollidas no artigo 36 da LBRL. En concreto, nos conceptos 462 e 762 polos importes de 1.893.554,24 e 1.638.500,00 euros respectivamente, que non garanten a asistencia económica aos Concellos e non alcanza para cubrir o mínimo competencial.

Solicítase que se teña por estimada a reclamación ao obxecto de dar cumprimento aos principios de economía procesal e principio de legalidade.

3). Co número 35.777 de rexistro, por D<sup>a</sup> Elena Candia López, portavoz do Grupo Popular na Excma. Deputación, e os demais Srs. Deputados do citado Grupo político.

Manifestan a omisión e insuficiencia de crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles en base ás competencias propias da Deputación



recollidas no artigo 36 da LBRL. En concreto, en materia de servizos sociais, aludese o artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia e o artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que desenvolve a Lei. As partidas dos grupos de programa 230 e 231 polos importes de 231.924,36 euros e 2.002.000,00 euros, respectivamente, alegando a insuficiencia de crédito necesario para cubrir o mínimo competencial establecido na Lei e no Decreto.

Solicítase que se teña por estimada a reclamación ao obxecto de dar cumprimento aos principios de economía procesal e principio de legalidade.

4). Co número 35.784 de rexistro, por D<sup>a</sup> Elena Candia López, portavoz do Grupo Popular na Excm. Deputación.

Manifesta que a listaxe de subvencións nominativas sufriron un importante axuste, sobre todo as destinadas ao fomento do deporte, que non é proporcional nin obxectivo, nin se percibe un trato igualitario, nin explicación nas bases de execución. Considérase que vulnera o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e, polo tanto, o principio de legalidade.

Solicítase que se teña por estimada a reclamación ao obxecto de dar cumprimento aos principios de economía procesal e principio de legalidade.

Á vista dos citados escritos, emítase o seguinte **INFORME**:

1º. O artigo 170 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais dispón:

*... Artigo 170. Reclamación administrativa: lexitimación activa e causas.*

*1. Para os efectos do disposto no número 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:*

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.*
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.*
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.*

*2. Unicamente se poderán promover reclamacións contra o orzamento:*

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexitimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para que estea previsto.*



2º. No caso do escrito co nº de rexistro de entrada 35.557, a súa causa non pode ser incluída en ningún dos parágrafos do apartado 2 do anterior artigo. Non nos consta que exista un mandato legal que esixa respecto das subvencións nominativas que figuren no orzamento, teñan que xustificar os criterios de reparto, sendo esta a práctica seguida tanto na Administración Local como noutras. Na Base de Execución do Orzamento 24.3, establécese que poden outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, entre outras: "Cando estean consignadas nominalmente no Orzamento inicial ou nas súas modificacións, sen que iso supoña ningún dereito subxectivo."

3º. No relativo ao escrito co nº de rexistro de entrada 35.766, pódese entender non incluídos aos Grupos Políticos da propia Corporación con lexitimación activa para as reclamacións administrativas ao Orzamento aprobado inicialmente, ao ter legal e reglamentariamente establecido outros canles para a súa participación.

A súa causa non se pode ter incluída en ningún dos parágrafos do apartado 2 do citado artigo 170 TRLRFL, non sendo o mesmo competencias propias que obrigas esixibles a que se refire o artigo 170.2.b) do TRLRFL, estas teñen que ser vencidas, líquidas e esixibles, e traer causa dun acto administrativo. A asistencia aos Concellos e aos seus veciños é a finalidade última de todo o Ente Provincial, polo tanto, todo o Orzamento conclúe nesa asistencia.

4º. O escrito co nº de rexistro de entrada 35.777: Pódese entender non incluídos aos Grupos Políticos da propia Corporación con lexitimación activa para as reclamacións administrativas ao Orzamento aprobado inicialmente, ao ter legal e reglamentariamente establecido outros canles para a súa participación.

A súa causa non se pode ter incluída en ningún dos parágrafos do apartado 2 do citado artigo 170 TRLRFL, non consta a existencia de obrigas vencidas, líquidas e esixibles. Nin a Lei 13/2008, nin o Decreto 99/2012 cuantifican nin indican o modo da súa cuantificación, tampouco na pretendida reclamación. Os importes dos grupos de programas 230 e 231 son maiores no orzamento 2013 que no Orzamento 2012, 231.924,36 e 1.762.000,00 euros no 2013 fronte a 302.729,36 e 1.462.3087,08 euros no ano 2012, en concreto a aplicación 2310.462 está dotada en 2013 polo importe de 1.135.000,00 euros fronte a 600.000,00 euros no 2012.



5º. O escrito con nº de rexistro de entrada 35.784: Pódese entender non incluída á portavoz do Grupo Político da propia Corporación con lexitimación activa para as reclamacións administrativas ao Orzamento aprobado inicialmente, ao ter legal e reglamentariamente establecido outros cauces para a súa participación.

A causa non se pode ter incluída en ningún dos parágrafos do apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL. Non nos consta que exista un mandato legal que esixa respecto das subvencións nominativas que figuren no orzamento, teñan que xustificar os criterios de reparto, sendo esta a práctica seguida tanto na Administración Local como noutras. Na Base de Execución do Orzamento 24.3. establécese que poden outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, entre outras: "Cando estean consignadas nominalmente no Orzamento inicial ou nas súas modificacións, sen que iso supoña ningún dereito subxectivo."

Por todo o exposto, enténdese que non procedea admisión dos anteriores escritos como reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral 2013.

Lugo, a 20 de decembro de 2012,

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández.





35.784  
S. 1.66

Elena Candia López, portavoz do Grupo Popular na Excm. Deputación Provincial de Lugo, comparece e como mellor proceda en dereito

INTERPOÑEN RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 27 de novembro de 2012, ao abeiro do establecido nos artigos 169, 170 e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e, en concreto, en relación ao contido dos artigos 169, 170 e 171, polas seguintes causas:

Primeiro. Nos orzamentos aprobados ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro de xeral Subvencións recolle unha listaxe de subvencións nominativas, tal e como vén sendo habitual.


Determinadas partidas orzamentarias sufriron un especial axuste sobre todo as destinadas a fomento do deporte cuxa asignación orzamentarias para este fin se recortaron por riba do 27%. Pero na listaxe de subvencións do ano 2013 comprobamos que a diminución da cantidade económica que se asigna ás entidades beneficiarias de subvención nominativa non é proporcional nin obxectivo, nin se percibe un trato igualitario (naquela na que así poida ser), nin explicación nas bases de execución.

Por todo iso consideramos que se vulnera o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de Subvencións que rexerá a xestión de todas as subvencións reguladas na Lei confirme aos seguintes principios: publicidade, transparencia, ... obxectividade, non discriminación (ademais de eficacia de cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e emprego de recursos públicos)

Segundo. Polo exposto, mediante a presente reclamación manifestamos que nos encontramos ante un suposto de vulneración manifesta do principio de legalidade constitucionalmente proclamado, toda vez que non se teñen respectado os principios de obrigado cumprimento establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de Subvencións, artigo 8, e por iso se constante un incumprimento dos artigos 3 e 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Polo exposto, e AO OBXECTO DE DAR CUMPRIMENTO AOS PRINCIPIOS DE ECONOMÍA PROCESAL E PRINCIPIO DE LEGALIDADE, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE RECLAMACIÓN, evitando deste modo que haxa que recurrir á vía xudicial administrativa, que leva incurrir nuns gastos que os firmantes consideran innecesarios, toda vez que polo que se está velando é polo xusto e correcto uso dos recursos económicos por parte do Ente Provincial.

Lugo, 19 de decembro de 2012

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Elena Candia López', written over a horizontal line.

Asdo: Elena Candia López

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



35.777  
S. del

Elena Candia López, portavoz do Grupo Provincial Popular na Excm. Deputación Provincial de Lugo, xunto cos deputados abaixo asinantes, comparecen e como mellor proceda en dereito

INTERPOÑEN RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 27 de novembro de 2012, ao abeiro do establecido nos artigos 169, 170 e 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e, en concreto, en relación ao contido dos artigos 169, 170 e 171, polas seguintes causas:

Primeiro. Manifestamos a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á Excelentísima Deputación Provincial de Lugo en base ao artigo 36 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, que establece as competencias das Deputacións Provinciais, establecendo como competencias propias " ... as que lles atribúan, neste concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública,... ", e en todo caso, a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A materia de Servizos Sociais vén recollida na lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cuxo capítulo 63 establece que "*As deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes*"

A citade lei, desenvolveuse no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais, norma autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia, de obrigado acatamento pola entidade provincial, norma que no seu artigo 31 fixa as competencias mínimas da Deputación

en materia de servicios sociais para os municipios de menos de 20.000 habitantes. O literal do precepto establece que:

*" 1.- As Deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 109.1.b), da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.*

*2.- De conformidade co artigo 63 da Lei de servizos sociais de Galicia, as deputacións provinciais proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.*

*3.- As deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal dos equipos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 deste decreto.*

*4.- A Xunta de Galicia, como titular da competencia de planificación xeral do Sistema Galego de Servizos Sociais, coordinará as actuacións de apoio financeiro das Deputacións Provinciais aos concellos, para o que, consonte ao disposto no artigo 112.1 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as deputacións provinciais nesta materia, calquera que sexa a súa denominación, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento da órgano superior da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais."*

Atendendo ás partidas orzamentarias obxecto da presente reclamación observamos que se inclúen as seguintes cuantías:

1. No grupo de Programas 230, con denominación Administración Xeral de Servizos Sociais, cunha contía de 231.924,36 euros


2.- No grupo de Programas 231, con denominación Acción Social, cunha contía de 2.002.000 euros


Segundo. Polo exposto, mediante a presente reclamación manifestamos que nos encontramos ante un suposto de vulneración manifesta do principio de legalidade constitucionalmente proclamado, toda vez que a insuficiencia de crédito descrita choca frontalmente contra as esixencias normativas previstas na Lei e Decreto citados, incumprimento e inobservancia que conleva o incumprimento dos artigos 3 e 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.


Terceiro. Nótese que a dotación orzamentaria a que se fixo referencia non alcanza para cubrir o mínimo competencial establecido na Lei e no Decreto respecto do cal se presume o incumprimento, mínimo que se refire aos servizos sociais a prestar a entidade local, servizos amparados polo texto constitucional, e tan necesarios nos tempos difíciles que nos toca vivir.


Polo exposto, e AO OBXECTO DE DAR CUMPRIMENTO AOS PRINCIPIOS DE ECONOMÍA PROCESAL E PRINCIPIO DE LEGALIDADE, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE RECLAMACIÓN, evitando deste modo que haxa que recurrir á vía xudicial administrativa, que conleva incurrir nuns gastos que os firmantes consideran innecesarios, toda vez que polo que se está velando é polo xusto e correcto uso dos recursos económicos por parte do Ente Provincial.


Lugo, 19 de decembro de 2012


  
**Asdo:** Elena Candia López  
N. I. F. número 33.341.791W


  
**Asdo:** Manuel J. González Capón  
N. I. F. número 33.811.845M


  
**Asdo:** Antonio Muiña Pena  
N. I. F. número 33.808.852W


  
**Asdo:** Jesús Carreira Ferreiro  
N. I. F. número 33.808.285X


  
**Asdo:** José Pardo Lombao  
N. I. F. número 33.817.919F


  
**Asdo:** Fernando Pensado Barreira  
N. I. F. número 33.206.921G


  
**Asdo:** José Manuel Mato Díaz  
N. I. F. número 76.614.184 B


  
**Asdo:** Jesús Novo Martínez  
N. I. F. número 76.563.402J

  
**Asdo:** José M. Gómez Puente  
N. I. F. número 33.311.160F

  
**Asdo:** José Manuel Arias López  
N. I. F. número 34.252.648J

  
P.O.  
**Asdo:** Tomás Rodríguez Arias  
N. I. F. número 76.554.574V

  
**Asdo:** Francisco Balado Teijeiro  
N. I. F. número 33. 327. 642K



35.764  
S. Acta

Elena Candia López, portavoz do Grupo Popular na Excmá. Deputación Provincial de Lugo, xunto cos deputados abaixo asinantes, comparecen e como mellor proceda en dereito

INTERPOÑEN RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 27 de novembro de 2012, ao abeiro do establecido nos artigos 169, 170 e 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e, en concreto, en relación ao contido dos artigos 169, 170 e 171, polas seguintes causas:

Primeiro. Manifestamos a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á Excelentísima Deputación Provincial de Lugo en base ao artigo 36 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, que establece as competencias das Deputacións Provinciais, establecendo como competencias propias "as que lles atribúan, neste concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión"

Atendendo ás partidas orzamentarias obxecto da presente reclamación observamos que se inclúen as seguintes cuantías:

1. No concepto 462 con denominación "transferencias correntes a concellos" cunha contía de 1.893.554,24 euros

2.- No concepto 762 con denominación "transferencia de capital a concellos" coa cantidade 1.638.500 euros.

Ambas cantidades non garanten a asistencia económica aos concellos tendo en conta a tipoloxía dos concellos da provincia sendo todos eles agás Lugo



menores de 20.000 habitantes e por conseguinte, protexidos na normativa citada polas Deputacións Provinciais.

Segundo. Polo exposto, mediante a presente reclamación manifestamos que nos encontramos ante un suposto de vulneración manifesta do principio de legalidade constitucionalmente proclamado, toda vez que a insuficiencia de crédito descrita choca frontalmente contra as esixencias normativas previstas na Lei citada, incumprimento e inobservancia que leva o incumprimento dos artigos 3 e 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.


Terceiro. Nótese que a dotación orzamentaria a que se fixo referencia non alcanza para cubrir o mínimo competencial establecido na Lei respecto do cal se presume o incumprimento, mínimo que se refire a asistencia económica a prestar ás entidades locais, servizos amparados polo texto constitucional, e tan necesarios nos tempos difíciles como nos toca vivir.


Polo exposto, e AO OBXECTO DE DAR CUMPRIMENTO AOS PRINCIPIOS DE ECONOMÍA PROCESAL E PRINCIPIO DE LEGALIDADE, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE RECLAMACIÓN, evitando deste modo que haxa que recurrir á vía xudicial administrativa, que leva incurrir nuns gastos que os firmantes consideran innecesarios, toda vez que polo que se está velando é polo xusto e correcto uso dos recursos económicos por parte do Ente Provincial.


Lugo, 19 de decembro de 2012





**Asdo:** Elena Candía López  
N. I. F. número 33.341.791W


  
**Asdo:** Manuel J. González Capón  
N. I. F. número 33.811.845M


  
**Asdo:** Antonio Muiña Pena  
N. I. F. número 33.808.852W


  
**Asdo:** Jesús Carreira Ferreiro  
N. I. F. número 33.808.285X


  
**Asdo:** José Pardo Lombao  
N. I. F. número 33.817.919F


  
**Asdo:** Fernando Pensado Barreira  
N. I. F. número 33.206.921G


  
**Asdo:** José Manuel Mato Díaz  
N. I. F. número 76.614.184 B

  
**Asdo:** Jesús Novo Martínez  
N. I. F. número 76.563.402J

  
**Asdo:** José M. Gómez Puente  
N. I. F. número 33.311.160F

  
**Asdo:** José Manuel Arias López  
N. I. F. número 34.252.648J

  
**Asdo:** Tomás Rodríguez Arias  
N. I. F. número 76.554.574V

  
**Asdo:** Francisco Balado Teijeiro  
N. I. F. número 33. 327. 642K

# A LA DIPUTACIÓN DE LUGO

## Expediente: Subvenciones nominativas

- 1.- D. MANUEL JESÚS VÁZQUEZ CORREDOIRA, mayor de edad, con DNI/NIF número <sup>35.557</sup> 33843103-Y, en nombre y representación de la entidad PRONE LUGO A.D. con C.I.F. G27210376 y de FUNDACIÓN AZKAR con C.I.F. G-27345297.
- 2.- D<sup>a</sup> TERESA LATAS ZAVALA, mayor de edad, con DNI/NIF número 33859543-R, en nombre y representación de la entidad PORTA XI ENSINO con CIF G27324284.
- 3.- D. JOSÉ BOUZA BELTRÁN, mayor de edad, con DNI/NIF número 33850472-S, en nombre y representación de la entidad CLUB EMEVÉ con CIF G-27041490.
- 4.- D. LUIS ABELLEIRA MAYOR, mayor de edad, con DNI/NIF número 33791473-B, en nombre y representación de la entidad REAL AERoclUB DE LUGO con CIF G-27008341.
- 5.- D. JULIO PACIOS VALIXO, mayor de edad, con DNI/NIF número 33302348-G, en nombre y representación de la entidad SD RESIDENCIA con CIF G-27120310.

### COMPARECEMOS Y DECIMOS,

**PRIMERO.-** Que por el pleno de la Excm. Diputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria celebrada el día 27 de Noviembre de 2012 se procedió a la aprobación inicial del proyecto de presupuestos de dicha institución para el año 2013. Que manifestamos nuestra disconformidad con los criterios e importes establecidos en lo referente a los importes anuales destinados a las subvenciones nominativas para entidades deportivas provinciales

**SEGUNDO.-** Discrepancia motivada por la reducción del importe concedido a los solicitantes.

Reducción que se efectúa en detrimento de la casi totalidad de las entidades y en beneficio de unas pocas. Lo que supone una auténtica discriminación y vulneración de los principios de igualdad, objetividad, imparcialidad, solidaridad y legalidad.

No desconocen quienes suscriben el presente documento, la actual situación de crisis económica, ahora bien, la colaboración y aportación a la superación de la misma, deberá recaer sobre todos de una forma paritaria, por ello, interesamos que se proceda a la revisión de dichos importes de forma que si ha de efectuarse alguna reducción de los importes concedidos en años anteriores, dicha reducción afecte a la totalidad de las entidades solicitantes.

Por lo expuesto,

**SOLICITAMOS,** que se admita el presente escrito y en su virtud se acuerde tomar en consideración el mismo y se proceda a un reparto del importe de las subvenciones concedidas partiendo de los principios de igualdad, objetividad, imparcialidad y legalidad.

En Lugo a 17, de Diciembre de 2012.

D. MANUEL JESÚS VÁZQUEZ CORREDOIRA

D<sup>a</sup> TERESA LATAS ZAVALA

D. JOSÉ BOUZA BELTRÁN

D. LUIS ABELLEIRA MAYOR

D. JULIO PACIOS VALIXO



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

fecha: **14 de xaneiro de 2013**  
unidade de orixe: **SECCIÓN DE ACTAS**  
asunto: **Remite certificación acordo do Pleno de 26-12-2012**  
destinatario: **Servizo de Intervención**

519

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil doce, relativo a "ALEGACIÓNS PRESENTADAS Ó PROXECTO DE ORZAMENTO DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA 2013, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO SE PROCEDE".

O SECRETARIO,  
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,



**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO**, Secretario Xeral desta Excma. Deputación Provincial de Lugo,

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**ALEGACIÓNS PRESENTADAS Ó PROXECTO DE ORZAMENTO DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA 2013, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO SE PROCEDE**

Dáse lectura ó ditame das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, que dí o seguinte:

“Vista a proposta da Presidencia, que textualmente dí o seguinte:

“O proxecto de Orzamento Xeral 2013 desta Excma. Deputación foi aprobado inicialmente o 27 de novembro, e exposto ó público por espazo de quince días hábiles, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 275 de 29 de novembro.

Á vista dos escritos presentados e do informe de Intervención no que se pon de manifesto a improcedencia de admitir os citados escritos como reclamacións administrativas, proponse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Declarar a inadmisión dos escritos presentados como reclamacións administrativas.

2º.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral para o exercicio 2013, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demáis documentación anexa e complementaria unida ó expediente”.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, co voto en contra dos señores Deputados D<sup>a</sup>. Elena Candia López e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Popular, acordan informar favorablemente a proposta presentada e proponer ó Pleno a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; votos en contra, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada, e polo tanto aprobados definitivamente os Orzamentos da Deputación Provincial para o ano 2013.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a catorce de xaneiro de dous mil trece.

Vº. e Prace  
“O PRESIDENTE  
P.D. Decreto nº 2228/2012, de 18-07-2012  
A VICEPRESIDENTA,



Asdo: Lara Méndez López”





DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO



27 de decembro de 2012

fecha

unidade de organ

SECCION DE ACTAS

asunto

Remite anuncio para publicación no  
B.O.P.

destinatario

Negociado de Administración do Boletín  
Oficial da Provincia

Co obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, remito anuncio sobre "Aprobación definitiva do Orzamento da Excm. Deputación Provincial para o ano 2013".



O SECRETARIO  
A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS  
E ASUNTOS XERAIS,



## ANUNCIO

Aprobado definitivamente o Orzamento da Excm. Deputación Provincial para o ano 2013, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; faise público o seguinte resumo por Capítulos, así como o Cadro de Persoal da Excm. Deputación Provincial:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>I N G R E S O S</b>				
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<b>86.386.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.162.179,13 €</b>
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4.996.547,69 €			4.996.547,69 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.970.767,20 €			3.970.767,20 €
3. TAX., PRÉC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.584.063,71 €			6.584.063,71 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.317.780,27 €	3.210.000,00 €	3.210.000,00 €	63.317.780,27 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	880.000,00 €	90.819,06 €		970.819,06 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	20.000,00 €	1.934.518,35 €		1.954.518,35 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.617.682,85 €	750.000,00 €		7.367.682,85 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<b>300.000,00 €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>300.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	€	€		- €
<b>TOTAL</b>	<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>G A S T O S</b>				
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	<b>79.517.861,82 €</b>	<b>2.791.340,50 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>79.099.202,32 €</b>
1. GASTOS DE PERSOAL	24.127.038,15 €	890.000,00 €		25.017.038,15 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	13.939.887,90 €	1.461.436,64 €		15.401.324,54 €
3. GASTOS FINANCEIROS	620.208,32 €	389.903,86 €		1.010.112,18 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.707.517,14 €		3.210.000,00 €	12.497.517,14 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	19.404.741,99 €	50.000,00 €		19.454.741,99 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.718.468,32 €			5.718.468,32 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	<b>7.168.979,90 €</b>	<b>3.193.996,91 €</b>	<b>- €</b>	<b>10.362.976,81 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	6.868.979,90 €	3.193.996,91 €		10.062.976,81 €
<b>TOTAL</b>	<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>



### CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO

#### FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER NACIONAL

1	INTERVENTOR	A1	
1	SECRETARIO	A1	1 Vacante
1	TESOUREIRO	A1	
1	SECRETARIO-INTERVENTOR	A1	
1	SECRETARIO-INTERVENTOR	A1	
5	FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER NACIONAL		

#### ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

##### SUBESCALA TÉCNICA

15	TECNICO ADMON. XERAL	A1	3 Vacantes
----	----------------------	----	------------

##### SUBESCALA DE XESTIÓN

21	TECNICO DE XESTION	A2	7 Vacantes
----	--------------------	----	------------

##### SUBESCALA ADMINISTRATIVA

96	ADMINISTRATIVO A. X.	C1	5 Vacantes
----	----------------------	----	------------

##### SUBESCALA AUXILIAR

61	AUXILIAR A. X.	C2	16 Vacantes
----	----------------	----	-------------

##### SUBESCLA SUBALTERNA

##### CLASE PORTERO

14	PORTEIRO	E	1 Vacante
----	----------	---	-----------

207 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

#### ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

##### SUBESCLA TÉCNICA

##### CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

1	ARQUEOLOGO	A1	
2	ARQUITECTO	A1	1 Vacante
5	ENXENEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS	A1	1 Vacante
1	ENXEÑEIRO AGRONOMO	A1	
1	ECONOMISTA	A1	1 Vacante





# DEPUTACIÓN DE LUGO

4	AUXILIAR BIBLIOTECA	C1	1 Vacante
2	AUXILIAR TEC. INFORMÁTICO	C1	
2	AXUDANTE MUSEO	C1	2 Vacantes
1	COORD.VIGILANTES-GUIA	C1	
1	ENC.VIX.INT.	C1	
1	ESP.TC.INFORMAC.E COMUNIC.	C1	
1	ESPECIALISTA PROTOCOLO	C1	1 Vacante
5	GUIA	C1	
1	COORDINADOR GRANXA PROV.	C1	
1	ADXUNTO ENCARG.REX. INT. E CUST.	C2	
1	ANIMADOR RUTAS TURÍSTICAS	C2	1 Vacante
2	ANIMADOR SOCIOCULTURAL	C2	
2	AUXILIAR DE RECEPCION	C2	
1	AUXILIAR PROTOCOLO	C2	
4	AUXILIAR RELAC.INSTITUCIONAIS	C2	4 Vacantes
1	COORDINADOR ACT. FORM. Y SOCIALES	C2	
1	MONITOR DEPORTIVO	C2	
4	VIXILANTE-GUIA MUSEO	C2	2 Vacantes
1	AUXILIAR ATENCIÓN CIUDADAN	C2	1 Vacante
1	CONTROLADOR PECUARIO	C2	
1	COORDINADOR EXPOSICIONS	C2	
1	COORDINADOR PECUARIO	C2	
1	COORDINADORA DISEÑO	C2	
1	DESEÑADORA INFOGRAFISTA	C2	
1	PATRONISTA DESEÑADORA	C2	
3	VIXILANTE MEDIO AMBIENTE	C2	3 Vacantes
6	VIXILANTE-GUÍA	C2	3 Vacantes
1	GARDABOSQUE	E	
1	SERENO	E	1 Vacante
11	VIXILANTE	E	2 Vacantes
1	VIXILANTE PAZO TOR	E	

## CLASE PERSONAL DE OFICIOS

### CATEGORÍA ENCARGADO

1	CAPATAZ COORDINADOR	C1	1 Vacante
1	CAPATAZ COORDINADOR SUBM.	C1	1 Vacante
1	COORDINADOR OBRAS COOPERACION	C1	
1	ENCARGADO PERS. OFICIOS	C1	
1	ENCARGADO CONSERVACION CENTROS	C1	

### CATEGORÍA MAESTRO

1	MECANICO ESP. P. MOBIL	C1	1 Vacante
17	CAPATAZ DE CAMIÑOS	C2	7 Vacantes
1	MECANICO ESP. P. MOBIL	C2	
1	MESTRE	C2	



# DEPUTACIÓN DE LUGO

## CATEGORÍA OFICIAL

1	CONDUTOR PARQUE MOBIL	C2	
4	MAQUINISTA P. MOBIL	C2	1 Vacante
19	MAQUINISTA-CONDUCTOR	C2	8 Vacantes
1	MECANICO-CONDUCTOR	C2	
2	OFICIAL	C2	1 Vacante
3	OFICIAL OF. MULTIPLES	C2	
1	OFICIAL OF-MULTIPLES-CONDUCTOR	C2	
1	OFICIAL PINTOR	C2	
1	OFICIAL UNIDADE MANTEM	C2	
1	OFICIAL EBANISTA	C2	1 Vacante
1	PALISTA PARQUE MOBIL	C2	

## CATEGORÍA AYUDANTE

2	TELEFONISTA	E	1 Vacante
---	-------------	---	-----------

195 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

407 TOTAL

## CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO

### A1 TOTAL 3

1	ARQUIVEIRO BIBLIOTECARIO	A1	
1	XEFE DEPART.BELAS ARTES	A1	
1	BIÓLOGO	A1	1 VACANTE

### C1 TOTAL 3

3	ADMINISTRATIVO A. X.	C1	1 VACANTE
---	----------------------	----	-----------

### CZ TOTAL 41

2	AUXILIAR DE ENFERMARIA	C2	
1	CAPATAZ DE CAMIÑOS	C2	
1	ENCARGADO INST.DEPORT.	C2	1 VACANTE
5	MAQUINISTA-COND. P. MOBIL	C2	1 VACANTE
2	MAQUINISTA-CONDUCTOR	C2	
1	MECANICO-COND. P. MOBIL	C2	
1	MESTRE UNIDADE MANTEM.	C2	
1	OFICIAL OF. MULTIPLES	C2	
9	OFICIAL UNIDADE MANTEM	C2	1 VACANTE
1	ADXUNTO MESTRE TRAXE REXIONAL	C2	
1	ANIMADOR RUTAS TURISTICAS	C2	
1	CONDUCTOR	C2	



	1	MESTRE TALLER INSTRUM. MUSICAIS	C2	
	7	MAQUINISTA	C2	
	1	MESTRE TALLER TAPIZARIA	C2	
	1	OFICIAL 1ª	C2	
	1	OFICIAL EBANISTA	C2	
	1	OFICIAL ELECTRICISTA	C2	
	1	OFICIAL MODISTA	C2	
	2	OFICIAL OFICIOS VARIOS	C2	
<b>E TOTAL 54</b>				
	1	AXUDANTE UNIDADE MANTEM.	E	
	1	EMPREGADA LIMPEZA	E	1 VACANTE
	1	EMPREGADA LIMPEZA RECAD.	E	
	1	ENCARGADO/A PAZO TOR	E	
	4	OBREIRO	E	1 VACANTE
	1	ORDENANZA SUBALTERNO	E	
	2	VIXILANTE	E	
	1	VIXILANTE ARQUITECTURA E OBRAS	E	
	1	VIXILANTE SERENO	E	
	15	VIXILANTE SERVIZO VIAS E OBRAS	E	9 VACANTES
	8	PEÓN SERVIZO VIAS E OBRAS	E	5 VACANTES
	8	PEÓN GRANXA	E	2 VACANTES
	9	PEÓN AGROPECUARIO	E	9 VACANTES
	1	PEÓN VIXILANTE	E	
<b>TOTAL XERAL 101</b>				

### CADRO DE PERSOAL EVENTUAL

CÓDIGO	PRAZA	SIT	CÓDIGO	POSTO
5000	ASESOR NIVEL I	VD	999	ASESOR NIVEL I
5001	ASESOR NIVEL II	O	1000	ASESOR NIVEL II
5002	ASESOR NIVEL II	O	1001	ASESOR NIVEL II
5003	ASESOR NIVEL II	O	1002	ASESOR NIVEL II
5004	ASESOR NIVEL III	O	1003	ASESOR NIVEL III
5005	ASESOR NIVEL III	O	1004	ASESOR NIVEL III
5006	ASESOR NIVEL III	O	1005	ASESOR NIVEL III
5007	ASESOR NIVEL IV	O	1006	ASESOR NIVEL IV
5008	ASESOR NIVEL IV	O	1007	ASESOR NIVEL IV
5009	ASESOR NIVEL IV	O	1008	ASESOR NIVEL IV
5010	ASESOR NIVEL IV	O	1009	ASESOR NIVEL IV
5011	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1010	ADMINISTRATIVO APOIO
5012	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1011	ADMINISTRATIVO APOIO
5013	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1012	ADMINISTRATIVO APOIO
5014	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1013	ADMINISTRATIVO APOIO
5015	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1014	ADMINISTRATIVO APOIO



5016	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1015	ADMINISTRATIVO APOIO
5017	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1016	ADMINISTRATIVO APOIO
5018	ADMINISTRATIVO APOIO	O	1017	ADMINISTRATIVO APOIO
5019	AUXILIAR APOIO	O	1018	AUXILIAR APOIO
5020	AUXILIAR APOIO	O	1019	AUXILIAR APOIO
5021	AUXILIAR APOIO	O	1020	AUXILIAR APOIO
5022	AUXILIAR APOIO	O	1021	AUXILIAR APOIO

CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO CUXOS POSTOS ESTÁN DESEMPEÑADOS POR PERSOAL LABORAL EN PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN, CONFORME Á DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2ª DO EBEP

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL  
SUBESCALA TÉCNICA

TÉCNICOS SUPERIORES

1 Licenciado en Belas Artes                      A/A1                      Vacante

TÉCNICOS AUXILIARES

2 Auxiliar Enfermaría                              C/C2                      Vacantes

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte e sete de decembro de dos mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Aprobado definitivamente o Orzamento da Excma. Deputación Provincial para o ano 2013, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; faise público o seguinte resumo por Capítulos, así como o Cadro de Persoal da Excma. Deputación Provincial:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>I N G R E S O S</b>				
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>86.386.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.162.179,13 €</b>
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4.996.547,69 €			4.996.547,69 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.970.767,20 €			3.970.767,20 €
3. TAX., PREC. PÚB E OUTROS INGR.	6.584.063,71 €			6.584.063,71 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.317.780,27 €	3.210.000,00 €	3.210.000,00 €	63.317.780,27 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	880.000,00 €	90.819,06 €		970.819,06 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	20.000,00 €	1.934.518,35 €		1.954.518,35 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.617.682,85 €	750.000,00 €		7.367.682,85 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>300.000,00 €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>300.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €	- €		- €
<b>TOTAL</b>	<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	TRANSFERENCIAS OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>G A S T O S</b>				
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>79.517.861,82 €</b>	<b>2.791.340,50 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>79.099.202,32 €</b>
1. GASTOS DE PERSOAL	24.127.038,15 €	890.000,00 €		25.017.038,15 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	13.939.887,90 €	1.461.436,64 €		15.401.324,54 €
3. GASTOS FINANCIEROS	620.208,32 €	389.903,86 €		1.010.112,18 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.707.517,14 €		3.210.000,00 €	12.497.517,14 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	19.404.741,99 €	50.000,00 €		19.454.741,99 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.718.468,32 €			5.718.468,32 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>7.168.979,90 €</b>	<b>3.193.996,91 €</b>	<b>- €</b>	<b>10.362.976,81 €</b>
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	6.868.979,90 €	3.193.996,91 €		10.062.976,81 €
<b>TOTAL</b>	<b>86.686.841,72 €</b>	<b>5.985.337,41 €</b>	<b>3.210.000,00 €</b>	<b>89.462.179,13 €</b>

## CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO

## FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER NACIONAL

1	INTERVENTOR	A1	1 Vacante
1	SECRETARIO	A1	
1	TESOUREIRO	A1	
1	SECRETARIO-INTERVENTOR	A1	
1	SECRETARIO-INTERVENTOR	A1	
5	FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER NACIONAL		

## ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

## SUBESCALA TÉCNICA

15	TECNICO ADMON. XERAL	A1	3 Vacantes
----	----------------------	----	------------

## SUBESCALA DE XESTIÓN

21	TECNICO DE XESTION	A2	7 Vacantes
----	--------------------	----	------------

## SUBESCALA ADMINISTRATIVA

96	ADMINISTRATIVO A. X.	C1	5 Vacantes
----	----------------------	----	------------

## SUBESCALA AUXILIAR

61	AUXILIAR A. X.	C2	16 Vacantes
----	----------------	----	-------------

## SUBESCLA SUBALTERNA

## CLASE PORTERO

14	PORTEIRO	E	1 Vacante
----	----------	---	-----------

207

## ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

## ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

## SUBESCLA TÉCNICA

## CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

1	ARQUEOLOGO	A1	
2	ARQUITECTO	A1	1 Vacante
5	ENXENEIRO CAMIÑOS, C. ANLES E PORTOS	A1	1 Vacante
1	ENXENEIRO AGRONOMO	A1	
1	ECONOMISTA	A1	1 Vacante
1	BIOLOGO	A1	
1	LCDO. XORNALISMO	A1	
1	LDO. FILOLOXIA GALEGA	A1	
3	LETRADO	A1	
2	LICENCIADO EN CIENCIAS DO TRABALLO	A1	1 Vacante
1	MEDICO ESP. MEDICINA DO TRABALLO	A1	
1	TC.SUP.INFORMATICA E PROGRAMACION	A1	
4	TECNICO ADMON. FINANC.E CONT.	A1	
1	TECNICO ADMON. FINANC.E REC.	A1	

1	TECNICO INFORMACION E COMUNIC.	A1	1 Vacante
1	TECNICO SUP. MECANIZ.. ADMTVA.	A1	
1	TECNICO SUPERIOR INFORMATICO	A1	
2	VETERINARIO	A1	

## CLASE TÉCNICOS MEDIOS

2	ARQUITECTO TECNICO	A2	1 Vacante 1 Vacante 2 Vacantes 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante
2	ATS	A2	
1	DIPLOMADO ADMON. FINANCEIRA	A2	
1	DIPLOMADO C.EMPRESARIAIS	A2	
1	DIPLOMADO RESTAURACION	A2	
1	DIPLOMADO TRAB.SOCIAL	A2	
4	ENXEÑEIRO TECNICO AGRICOLA	A2	
1	ENXEÑEIRO TECNICO INDUSTRIAL	A2	
1	ENXEÑEIRO TECNICO O.P.	A2	
2	ENXEÑEIRO TECNICO TOPOGRAFO	A2	
1	ENXEÑEIRO TC. FORESTAL	A2	

## CLASE TÉCNICOS AUXILIARES

1	TC.SUP. FP INFORMATICA	B	1 Vacante
6	DELINEANTE	C1	2 Vacantes
1	TECNICO ESP.INFORMATICA	C1	
1	AUXILIAR INFORMÁTICO	C2	

## SUBESCALA SERVICIOS ESPECIALES

## CLASE PLAZAS COMETIDOS ESPECIALES

1	TC.RELACIONES INTERADMINISTRATIVAS	A1	1 Vacante 1 Vacante 2 Vacantes 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante 1 Vacante 4 Vacantes
5	TECNICO ACT. SOCIOCULT.	A1	
1	TECNICO SUPERIOR BIBLIOTECARIO	A1	
1	TC. SUP. ACTIV. FORMATIVAS	A1	
1	TÉCNICO TURISMO	A1	
1	COORD. PEDAGOXICO	A2	
1	TECNICO BIBLIOTECARIO	A2	
1	TC. MEDIO ACT. FORMATIVAS	A2	
1	ADMINISTRATIVO-TRADUTOR	C1	
4	AUXILIAR BIBLIOTECA	C1	
2	AUXILIAR TEC. INFORMATICO	C1	
2	AXUDANTE MUSEO	C1	
1	COORD.VIGILANTES-GUIA	C1	
1	ENC.VIX.INT.	C1	
1	ESP.TC.INFORMAC.E COMUNIC.	C1	
1	ESPECIALISTA PROTOCOLO	C1	
5	GUIA	C1	
1	COORDINADOR GRANXA PROV.	C1	
1	ADXUNTO ENCARG.REX. INT. E CUST.	C2	
1	ANIMADOR RUTAS TURISTICAS	C2	
2	ANIMADOR SOCIOCULTURAL	C2	
2	AUXILIAR DE RECEPCION	C2	
1	AUXILIAR PROTOCOLO	C2	
4	AUXILIAR RELAC.INSTITUCIONAIS	C2	
1	COORDINADOR ACT. FORM. Y SOCIALES	C2	

1	MONITOR DEPORTIVO	C2	
4	VIXILANTE-GUIA MUSEO	C2	2 Vacantes
1	AUXILIAR ATENCIÓN CIUDADAN	C2	1 Vacante
1	CONTROLADOR PECUARIO	C2	
1	COORDINADOR EXPOSICIÓN	C2	
1	COORDINADOR PECUARIO	C2	
1	COORDINADORA DISEÑO	C2	
1	DESEÑADORA INFOGRAFISTA	C2	
1	PATRONISTA DESEÑADORA	C2	
3	VIXILANTE MEDIO AMBIENTE	C2	3 Vacantes
6	VIXILANTE-GUÍA	C2	3 Vacantes
1	GARDABOSQUE	E	
1	SERENO	E	1 Vacante
11	VIXILANTE	E	2 Vacantes
1	VIXILANTE PAZO TOR	E	

**CLASE PERSONAL DE OFICIOS****CATEGORÍA ENCARGADO**

1	CAPATAZ COORDINADOR	C1	1 Vacante
1	CAPATAZ COORDINADOR SUBM.	C1	1 Vacante
1	COORDINADOR OBRAS COOPERACION	C1	
1	ENCARGADO PERS. OFICIOS	C1	
1	ENCARGADO CONSERVACION CENTROS	C1	

**CATEGORÍA MAESTRO**

1	MECANICO ESP. P. MOBIL	C1	1 Vacante
17	CAPATAZ DE CAMIÑOS	C2	7 Vacantes
1	MECANICO ESP. P. MOBIL	C2	
1	MESTRE	C2	

**CATEGORÍA OFICIAL**

1	CONDUTOR PARQUE MOBIL	C2	
4	MAQUINISTA P. MOBIL	C2	1 Vacante
19	MAQUINISTA-CONDUTOR	C2	8 Vacantes
1	MECANICO-CONDUTOR	C2	
2	OFICIAL	C2	1 Vacante
3	OFICIAL OF. MULTIPLES	C2	
1	OFICIAL OF-MULTIPLES-CONDUTOR	C2	
1	OFICIAL PINTOR	C2	
1	OFICIAL UNIDADE MANTEM	C2	
1	OFICIAL EBANISTA	C2	1 Vacante
1	PALISTA PARQUE MOBIL	C2	

**CATEGORÍA AYUDANTE**

2	TELEFONISTA	E	1 Vacante
---	-------------	---	-----------

195

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

407

TOTAL



